«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que desenvolva un novo modelo de atención e coidados aos nosos maiores que inclúa ampliar a rede de centros residenciais para crear preto de 2.000 novas prazas residenciais públicas no que queda de lexislatura e reforzar os equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social para incrementar a supervisión destes centros de maiores, así como atrasar o máximo posible o proceso de institucionalización dos nosos maiores, mellorando o coidado domiciliario e coordinando mellor os recursos dispoñibles.»

Aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións.

(Resolución resultante da transacción entre o G. P. Popular de Galicia e o G. P. dos Socialistas de Galicia verbo das proposta de resolución núm. 36 do G. P. dos Socialistas de Galicia)

11ª resolución

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar un plan de dinamización do noso medio rural, que inclúa a posta en marcha da Lei de recuperación de terras para levar a cabo un aumento

da base territorial das nosas explotacións; o establecemento de medidas para o control do cumprimento da Lei da cadea alimentaria e de axudas e incentivos para evitar que as explotacións do sector primario produzan por debaixo dos custes de produción; o impulso dun novo modelo forestal que garanta unha verdadeira política forestal sostible diversificando as especies, ciclos e do noso monte; o deseño dun mapa de servizos no rural para garantir o acceso aos servizos públicos básicos.»

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

(Proposta de resolución núm. 3 do G. P. dos Socialistas de Galicia).

12ª resolución

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que impulse, en colaboración coas asociacións de mulleres do rural, a elaboración en 2022 do Estatuto da Muller Rural Galega e dun Plan Estratéxico para a Muller Rural de Galicia que contribúan á promoción integral das mulleres, á súa plena participación social e á igualdade de oportunidades real. Este plan, que deberá partir dun estudo riguroso da situación socioeconómica das mulleres do rural galego, deberá incluír, cando menos, accións dirixidas a promover o acceso das mulleres á formación e ao emprego, así como o desenvolvemento da súa actividade emprendedora no medio rural.»

Aprobada pola unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

(Proposta de resolución núm. 33 do G. P. dos Socialistas de Galicia).

13ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que reclame ao Goberno central que os orzamentos xerais do Estado de 2022 manteñan e adapten o Fondo Covid para que as comunidades autónomas sigamos dispoñendo dos recursos extraordinarios precisos para financiar os gastos derivados da pandemia aínda non finalizada, así como os investimentos necesarios para aplicar as leccións extraídas da súa xestión».

Aprobada por 61 votos a favor, 13 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 40 do G. P. Popular de Galicia).

14ª resolución

«O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio ao Xacobeo 2021-2022, como evento sen precedentes que suporá o inicio dunha década xacobeá de grande transcendencia para a recuperación económica e emocional da Galicia postcovid-19, e insta a Xunta de Galicia a que siga promovendo a súa excelencia, mantendo unha atención constante á seguridade dos peregrinos, á sinalización das rutas, á creación de zonas de repouso, á dixitalización e eficiencia enerxética dos establecementos hostaleiros, á súa promoción nacional e internacional e á optimización da experiencia do peregrino mediante actuacións de mellora da accesibilidade e facendo o Camiño máis amigable

para as familias e para os ciclistas. Co obxectivo de acadar de maneira íntegra estas metas, ademais de actuar no ámbito das súas competencias, a Xunta de Galicia solicitará do Goberno central unha maior implicación tanto a nivel orzamentario como de planificación arredor do evento, incidindo na elaboración dun plan de mellora do Camiño que complete as actuacións autonómicas, na eliminación de puntos negros da ruta que se sitúan na rede de estradas do Estado, na imprescindible dotación do 100 % dos seus efectivos á Unidade de Policía Adscrita á comunidade autónoma, na creación dun punto de atención da Policía Nacional para peregrinos no Monte do Gozo, na programación conxunta comprometida no Real Padroado da Cidade de Santiago, na consideración especial a Galicia como destino do Camiño na distribución dos fondos de sustentabilidade do Plan Nacional Xacobeo, na garantía ao peregrino dun nivel equiparable de servizos de acceso a Internet ao longo de todo o percorrido, na realización dun maior esforzo na promoción internacional do Xacobeo e na ampliación das desgravacións fiscais relativas ao evento ata o 31 de decembro de 2023.»

Aprobada por 42 votos a favor, 13 en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 1 do G. P. Popular de Galicia).

15ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no marco da próxima reunión da Comisión Bilateral de Cooperación, demande ao Goberno central a axilización da transferencia de competencias prioritarias para Galicia, de conformidade coas previsións contidas na Constitución e no Estatuto, en particular, a transferencia da titularidade da AP-9, da xestión do dominio marítimo público-terrestre e da xestión do ingreso mínimo vital.»

Aprobada por 42 votos a favor, 13 en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 3 do G. P. Popular de Galicia).

16ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España medidas urxentes para rebaixar o prezo da factura eléctrica, cuxa escalada nos últimos meses afectou tanto as familias galegas como todo o noso tecido empresarial. Con este obxectivo, suxire a adopción das seguintes medidas: facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 % ao 10 %; suprimir definitivamente o tipo de gravame do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica do 7 %; modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos orzamentos xerais do Estado; ampliar o dereito de poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor (PVPC) ata potencias que sexan iguais ou inferiores a 15 kW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao bono social eléctrico; desvincular a tarifa regulada da volatilidade do mercado grosista da electricidade, tal e como se está aplicando noutros países europeos; impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios; conceder máis peso específico ao termo de enerxía que ao de potencia co obxectivo de impulsar a eficiencia enerxética e o autoconsumo eléctrico; simplificar a factura eléctrica para facilitar a súa comprensión, e posta en marcha de inmediato

dunha campaña de información ás persoas consumidoras que explique de forma sinxela e comprensible a nova tarifa eléctrica, facilite a toma de decisión e permita un consumo máis eficiente; e, por último, diversificar o parque de xeración eléctrica para evitar a elevada dependencia do gas natural, introducindo, entre outras medidas, o almacenamento enerxético para a xestión de fontes renovables.»

Aprobada por 61 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 8 do G. P. Popular de Galicia).

17ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que reclame ao Goberno central a eliminación das taxas de reposición na convocatoria de ofertas de emprego público para favorecer a estabilidade do emprego público.»

Aprobada por 61 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 11 do G. P. Popular de Galicia).

18ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que tome as medidas necesarias para garantir o máximo compromiso de todas as administracións coa Lei de dependencia, consensuando coas entidades locais unha reforma do Servizo de Axuda no Fogar que siga mellorando o seu alcance, calidade e condicións laborais e blinde a súa sustentabilidade, e reclamando ao Goberno central que incremente a súa participación nos fondos destinados ás persoas dependentes ata chegar aproximadamente ao 50 %».

Aprobada por 61 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 31, do G. P. Popular de Galicia).

19ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno central o establecemento dun sistema de cogobernanza real dos fondos europeos que garanta a participación efectiva das comunidades autónomas na xestión dos recursos que reciba das institucións comunitarias, tal e como exige a Unión Europea.

Neste contexto, debe completar e concretar canto antes a repartición destes fondos en conformidade con criterios transparentes e equitativos que impulsen a cohesión social e territorial, así como axilizar a súa tramitación, recollendo no sistema de información do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia todas as actuacións que se van levar a cabo na comunidade galega tanto por parte da Administración xeral do Estado como por parte das corporacións locais.

Tamén debe integrar as comunidades autónomas na definición e nas decisións que se tomen sobre os proxectos estratéxicos para a recuperación e transformación económica (PERTE), moi especialmente naqueles relativos aos sectores de automoción, cadea agroalimentaria, medicina personalizada, aeroespacial e naval, nos que Galicia ten unha posición de liderado.

Así pois, debe reconsiderar a súa posición sobre o proxecto AutoAncora promovido por Stellantis, Ceaga e Ctag para seguir sendo competitiva e un referente en innovación, que debe formar parte da repartición final que realice o Goberno de España dos fondos europeos e, polo tanto, ser un elemento diferencial no PERTE de vehículo eléctrico e conectado.»

Aprobada por 42 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 4, do G. P. Popular de Galicia).

20ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande ao Goberno Central que impulse unha transición ecolóxica e enerxética realmente xusta e ordenada, facilitando unha adaptación progresiva da industria ás tendencias que marcarán a devandita transformación, velando polo mantemento do emprego e garantindo un futuro para a cidadanía dos territorios máis afectados polo cambio de modelo produtivo, como é o caso de Alu Ibérica na Coruña, Ence en Pontevedra ou Endesa nas Pontes.

Neste sentido, cómpre impulsar as alternativas necesarias para garantir un prezo eléctrico competitivo e estable para a industria, especialmente para a industria electrointensiva; así como levar a cabo a intervención temporal por parte da SEPI da planta de Alcoa en San Cibrao co fin de facilitar a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable.»

Aprobada por 42 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 6, do G. P. Popular de Galicia).

21ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que apoie as explotacións adheridas á marca *Leite de pastoreo de Galicia* mediante o financiamento de sistemas homologados de certificación do pastoreo, co fin de orientar a transformación do sector ao pastoreo e de dar máis viabilidade económica ao agro galego, así como a que aplique as accións da Estratexia do sector lácteo, buscando dar resposta ás necesidades dos gandeiros e industrias e fixar obxectivos e retos de futuro, aprofundando na transparencia e no bo funcionamento da cadea de valor do leite e reforzando un sector tan importante do agro galego pola vía do recoñecemento das súas peculiaridades na PAC 2023-2027 que se está a negociar actualmente».

Aprobada por 42 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 32, do G. P. Popular de Galicia).

22ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que, como complemento ao novo impulso das políticas de fomento do retorno que se implementarán na nova Estratexia para o ano 2022, solicite ao Goberno de España que tome as medidas necesarias para favorecer a integración persoal e familiar das persoas retornadas e leve a cabo o desenvolvemento e a modificación da normativa estatal que afecta o proceso de retorno, o que permitirá garantir este dereito aos españois no exterior e aos seus descendentes, enriquecendo a nosa sociedade e facéndoa máis aberta, plural e competitiva, e adoptando, en particular, as seguintes accións: introducir plans estatais específicos de acceso á vivenda; axilizar o procedemento de homologación de títulos universitarios obtidos no exterior; reducir os trámites e axilizar as concesións de permisos de residencia e traballo dos cónxuxes e descendentes sen nacionalidade; eliminar as desigualdades coas que a lexislación fiscal estatal grava os emigrantes e os retornados; mellorar a información e os criterios de aplicación da AEAT; así como dotar do financiamento axeitado as comunidades autónomas para que poidan mellorar as medidas que teñan en marcha e que complementan o escaso labor do Goberno de España».

Aprobada por 42 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 38, do G. P. Popular de Galicia).

23ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que adopte as medidas necesarias para impulsar a carreira investigadora co obxectivo de que todas as persoas investigadoras do ámbito público en Galicia dispoñan dun marco común que lles garanta maior profesionalización e maior estabilidade.»

Aprobada por unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

(Proposta de resolución núm. 9 do G. P. Popular de Galicia).

24ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España que impulse a aprobación duns orzamentos xerais do Estado para 2022 que teñan en conta as necesidades históricas da nosa comunidade autónoma en materia de infraestruturas. Deben dotarse as partidas necesarias para desbloquear o avance das autovías estatais de vertebración de Galicia e estender as bonificacións da AP-9 á autoestrada estatal de conexión Santiago de Compostela-Ourense, a AP-53.»

Aprobada por unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

(Proposta de resolución núm. 17 do G. P. Popular de Galicia).

25ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que deseñe e articule a Axenda Galega de Capacidades e Necesidades Laborais coa colaboración de todos os axentes sociais, unha proposta

detallada das cualificacións profesionais que serán necesarias para facer fronte aos empregos do futuro, xunto coa elaboración dos módulos formativos necesarios, co obxectivo de mellorar a capacitación dos traballadores ocupados e a empregabilidade das persoas desempregadas, ofrecendo así mesmo modalidades formativas accesibles e flexibles para toda a poboación.»

Aprobada por unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

(Proposta de resolución núm. 23 do G. P. Popular de Galicia).

26ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, no eido da política social e con respecto ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a que adopte as seguintes medidas:

— Asegurar a accesibilidade e garantir os recursos necesarios destinados á denuncia e atención ás mulleres con discapacidade en situación de violencia de xénero, tendo en conta que o Parlamento Europeo indica que o 80 % das mulleres con discapacidade vive nunha situación de violencia e que estas teñen un risco catro veces maior que o resto de mulleres de sufrir violencia sexual.

— Mellorar as medidas de detección e control por parte dos servizos sociais e sanitarios, tendo en conta a maior vulnerabilidade das mulleres con discapacidade á hora de identificar e afrontar diferentes situacións de violencia, ao tempo que se asegure a asistencia axeitada para cada caso e o acompañamento permanente á muller con discapacidade durante todo o proceso subseguinte á interposición dunha denuncia por violencia de xénero.»

Aprobada por unanimidade dos 74 deputados e deputadas.

(Proposta de resolución núm. 24 do G. P. Popular de Galicia).

27ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia, no eido da promoción da igualdade entre mulleres e homes, a que adopte as seguintes medidas: promover melloras significativas en materia de igualdade laboral co fin de garantir condicións laborais máis flexibles e compatibles coa vida persoal e de acadar ao mesmo tempo maiores índices de benestar laboral e social, nomeadamente mediante actividades formativas e campañas de sensibilización efectivas e accesibles a toda a poboación, nas que se aborden temas como a elaboración e a aplicación de plans de igualdade nas empresas, a identificación e o protocolo de actuación ante casos de acoso laboral ou a promoción da conciliación e a corresponsabilidade nas tarefas do fogar e no coidado de menores e/ou familiares con algún grao de dependencia ao cargo.»

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 25 do G. P. Popular de Galicia).

28ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que amplíe as actuacións de mellora das infraestruturas sanitarias, avanzando en todos os proxectos de reforma hospitalaria, incidindo de xeito particular en reforzar a capacidade dos sete hospitais comarcais galegos e abordando, ao longo do vindeiro ano, actuacións de mellora en todos eles, así como presentando antes de rematar o ano un plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria que priorice as actuacións máis necesarias para permitir unha renovación e mellora das infraestruturas deste nivel asistencial, así como unha adaptación dos espazos ás necesidades reais dos centros».

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 27 do G. P. Popular de Galicia).

29ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que siga avanzando nas medidas de conciliación e apoio ás familias, no marco da Lei de impulso demográfico, e a reclamar do Goberno de España que contribúa ao financiamento da gratuidade total da educación infantil de 0 a 3 anos en Galicia, que se porá en marcha a partir do vindeiro curso».

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 29 do G. P. Popular de Galicia).

30ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que impulse a Estratexia Galicia Dixital 2030 e a que poña en marcha as actuacións para impulsar a capacitación dixital da cidadanía, establecendo mecanismos que faciliten a súa formación en competencias básicas, con especial fincapé na fenda de xénero, e a creación dun centro de ciberseguridade, e traballando en estreita colaboración coas entidades competentes no ámbito estatal e europeo e na construción dun *Data Center* de alta dispoñibilidade que reforce os mecanismos de seguridade, dispoñibilidade e custodia dos datos nun contexto de impulso definitivo á dixitalización do sector público. Tamén insta a Xunta a se dirixir ao Goberno de España para que concrete e priorice a execución das actuacións enmarcadas dentro do Programa Único, co fin da mellora da cobertura de redes de fibra óptica na nosa comunidade e co obxecto de acadar os novos obxectivos 2025 fixados por Europa, así como para que as medidas previstas na Estratexia de Impulso da Tecnoloxía 5G permitan incentivar o despregamento desta tecnoloxía no rural galego e naquelas infraestruturas, polos industriais e de coñecemento estratégicos da comunidade autónoma».

Aprobada por 55 votos a favor, ningún en contra e 19 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 36 do G. P. Popular de Galicia).

31ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, seguindo a liña emprendida en anteriores lexislaturas de redución da carga fiscal soportada polos galegos, que tivo como finalidade favorecer as rendas medias e baixas e apoiar sectores estratéxicos da economía de Galicia, inclúa unha nova rebaixa dos impostos no proxecto de orzamentos para 2022 que permita que Galicia siga entre as comunidades autónomas coa menor presión fiscal.»

Aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 10 do G. P. Popular de Galicia).

32ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que siga impulsando, de xeito participativo con concellos e deputacións provinciais, un novo modelo para apoiar os municipios que voluntariamente o soliciten nas súas responsabilidades en relación co ciclo integral da auga, proporcionando medios técnicos e financeiros para unha xestión profesionalizada destes servizos, fomentando a igualdade de custos en todo o territorio e procurando a máxima eficiencia nos investimentos.»

Aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 18 do G. P. Popular de Galicia).

33ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que vele pola defensa da lingua galega ao amparo do marco legal e da convivencia lingüística. Ao tempo, seguirá a impulsar a dinamización do galego no tecido socioeconómico, na mocidade e nas familias, a desenvolver un modelo plurilingüe no ensino e a implicar os formadores para prestaren unha especial atención á situación da lingua nas contornas urbanas, e que reforce o uso do galego no audiovisual e, a través do proxecto Nós, aproveite a tecnoloxía lingüística e a intelixencia artificial para asegurar novos usos da lingua propia de Galicia nos espazos dixitais e na internet.»

Aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 19 do G. P. Popular de Galicia).

34ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que aplique as conclusións das comisións de traballo constituídas no marco do Consello Técnico de Atención Primaria, especialmente no relativo á autonomía dos centros, o liderado dos profesionais, a multidisciplinariedade, a redistribución de funcións e o traballo comunitario, particularmente iniciando a elaboración dun novo decreto de ordenación da Atención Primaria que reforce as funcións de organización do persoal que ocupa as xefaturas de servizo e os postos de coordinación e tomando as medidas para abordar o problema

de déficit de especialistas coa presentación dun mínimo de 50 solicitudes de acreditación de novas unidades docentes da especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria no prazo actualmente aberto polo Ministerio, ao tempo que reiterando ao Goberno de España a demanda da habilitación extraordinaria de máis prazas MIR, xa sexa dotando a convocatoria ordinaria de máis prazas ou cunha convocatoria extraordinaria».

Aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 26 do G. P. Popular de Galicia).

35ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha polígonos agroforestais para favorecer a implantación de novas iniciativas produtivas agrarias ou a ampliación da base territorial das xa existentes, a que implante plans de dinamización para as aldeas modelo, poñéndoos en marcha nos núcleos rurais destas e orientándoos a rexenerar e xerar actividade económica, así como a conservar o patrimonio do rural galego, e, así mesmo, a aplicar as medidas do Plan forestal de Galicia recentemente aprobado, para garantir a sustentabilidade do monte galego, favorecendo a multifuncionalidade e a diversificación de usos e asegurando así a xestión forestal activa das masas de frondosas autóctonas, así como a desenvolver medidas específicas de cara ao souto e á produción de castañas e a impulsar unha relación de accións para o fomento e a xestión das masas de coníferas e un control para o cumprimento da moratoria sobre novas plantacións de eucalipto».

Aprobada por 42 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 33 do G. P. Popular de Galicia).

36ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que presente as conclusións dos traballos de auditoría de delimitación de competencias entre a Administración autonómica e os concellos co fin de contribuír á mellora do sistema de financiamento local, tal e como se acordou na reunión da Comisión Galega de Cooperación Local do 19 de febreiro de 2021.»

Aprobada por 55 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 2 do G. P. Popular de Galicia).

37ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que dea prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España, por ser unha iniciativa prioritaria, tanto desde o punto de vista económico e laboral como desde o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción de madeira en Galicia, así como a que estude a posibilidade da súa localización na provincia de Lugo, a través da súa representación na sociedade Impulsa.»

Aprobada por 55 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 7 do G. P. Popular de Galicia).

38ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que asegure un ensino galego de calidade e integrador que propicie a aprendizaxe integral en centros educativos convertidos en espazos sustentables, seguros e creativos nos que estudantes e docentes poidan realizar unha actividade formativa moderna, dixital e innovadora a través de programas e iniciativas que reforcen a adquisición de competencias de coñecementos sobre STEAM e intelixencia artificial, idiomas e atención á diversidade; ao tempo que se fomenta a convivencia e a igualdade nas aulas e se reforza o modelo da FP en Galicia fomentando a innovación tecnolóxica e pedagóxica destas ensinanzas, unha oferta de ciclos atractiva e a mellora da orientación dos perfís profesionais, co reto de que haxa unha maior relación entre os centros e as empresas que contribúa a unha axeitada inserción laboral.»

Aprobada por 55 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 22 do G. P. Popular de Galicia).

39ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que avance na capacidade innovadora da sanidade pública galega creando unha unidade de referencia en protonterapia para Galicia e o norte de Portugal que permita desenvolver esta técnica de precisión que posibilita abordar tumores complexos, promovendo o uso do *big data* e da intelixencia artificial no eido sanitario para mellorar o tratamento dos pacientes e creando tamén unha infraestrutura para que toda a información sanitaria, axeitadamente anonimizada, poida ser accesible de xeito seguro por parte dos investigadores e dos profesionais de cara a traballar en rede e levar a cabo tratamentos individualizados ou cribados».

Aprobada por 55 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 28 do G. P. Popular de Galicia).

40ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que deseñe e poña en marcha unha Estratexia galega para a economía azul, de xeito que cubra os sectores e industrias que están directamente apoiados no medio mariño ou costeiro, en liña coa decisión da Unión Europea e centrada na base das actividades marítimo-pesqueiras tradicionais, tendo como elemento clave a coordinación e compatibilidade con outras actividades e o equilibrio e a sustentabilidade en termos ambientais, sociais e económicos».

Aprobada por 55 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 34 do G. P. Popular de Galicia).

41ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que defina unha proposta e a que lidere a revisión e reforma da Política Común de Pesca, e sinala que un deseño adecuado da nova PPC ten que

ser unha solución europea e europeísta que reforce a cohesión social e económica e que reforce a Unión. Esta proposta de reforma debe abordar, desde a cogobernanza co sector, os retos actuais para alcanzar unha pesca sustentable, equitativa e próspera para o futuro, e o seu maior reto debe ser garantir que o sector pesqueiro europeo poida traballar en igualdade de condicións, xa que é unha industria enormemente globalizada, e afianzar o carácter social desta actividade, acadando unha axeitada remuda xeracional».

Aprobada por 55 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención.

(Proposta de resolución núm. 35 do G. P. Popular de Galicia).

42ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do resto das administracións públicas, nomeadamente do Goberno Central, a sinatura dun Pacto de Estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, protexendo o emprego e o tecido industrial a través da modernización e mellora competitiva dos sectores tradicionais, así como da diversificación cara a sectores con gran potencial de futuro. Do mesmo xeito, demanda do Goberno galego a creación da delegación territorial da Xunta de Galicia en Ferrol, que contribúa a cumprir os compromisos da súa competencia recollidos no devandito Pacto de Estado. Neste sentido, resulta urxente que o Goberno central cree unha zona franca en Ferrol.»

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 5 do G. P. Popular de Galicia).

43ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España que, no marco das súas competencias, poña en marcha un plan global para loitar contra a exclusión financeira da poboación, nomeadamente no ámbito rural, que reforce e complemente as medidas xa implantadas en Galicia en virtude do convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Fegamp.»

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 12 do G. P. Popular de Galicia).

44ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, no proceso de revisión do sistema de financiamento autonómico, defenda a postura fixada polos acordos acadados neste Parlamento e que manifeste o seu rexeitamento explícito a calquera intento de substituír o diálogo multilateral entre o Goberno da España e o conxunto dos gobernos autonómicos por fórmulas de negociación bilateral. Así mesmo, a que demande ao Goberno central que este proceso se desenvolva con base nun calendario pechado e perseguindo, ademais da cohesión territorial e o respecto á autonomía fiscal das comunidades autónomas, dous obxectivos básicos:

— Asignar uns recursos suficientes ás comunidades autónomas de réxime xeral en función do volume de gasto efectivamente realizado respecto do gasto total das administracións públicas.

— Determinar as necesidades de financiamento con base nunha variable que reflecta os factores de custo peculiares de cada comunidade autónoma (en especial, a idade e o asentamento disperso da poboación), así como garantir un financiamento igual por habitante axustado en función dos anteriores factores con independencia de onde residan.»

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 13 do G. P. Popular de Galicia).

45ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que impulse e abra novos obxectivos na súa política de vivenda, comprometéndose a ampliar progresivamente o peso do parque de vivenda pública mediante a promoción de vivendas novas ou rehabilitadas, respectando sempre os estándares de eficiencia enerxética e de accesibilidade universal, e introducindo, ademais, novas técnicas construtivas como o *cohousing* e materiais sustentables, co obxecto de incrementar o parque de vivenda accesible actual a cinco anos vista. Así mesmo, para que continúe traballando para favorecer o acceso dos galegos e das galegas á vivenda, defendendo as características de Galicia e exixindo ao Goberno central que se dea audiencia ás comunidades na elaboración da futura lei de vivenda estatal, respectando o réxime competencial nesta materia, e que se aproveite a redacción do novo texto para introducir as medidas lexislativas necesarias para endurecer as penas por ocupación de vivenda e para axilizar a recuperación do inmovible por parte dos seus propietarios.»

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 14 do G. P. Popular de Galicia).

46ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que traballe na posta en marcha, no menor prazo posible, da área de transporte de Galicia, que permita avanzar nun modelo único de mobilidade interurbana con tarifas igualitarias para os usuarios do transporte público de competencia autonómica, universalizando, como acaba de facer coa gratuidade para os menores de 21 anos de toda Galicia coa tarxeta Xente Nova, tamén os descontos para as familias numerosas, de tal xeito que as rebaixas de entre o 20 % e o 50 % que se veñen aplicando nas áreas de transporte metropolitano se estendan a todas as liñas de transporte público da Xunta de Galicia. Así mesmo, para que se dirixa aos concellos co fin de os instar a aplicaren as mesmas medidas nos seus servizos de autobús urbano.»

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 15 do G. P. Popular de Galicia).

47ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que dea os pasos precisos para a implantación progresiva do novo modelo de coidados nas residencias de maiores da comunidade, comezando polos centros públicos, e a que reclame do Goberno de España o cofinanciamento preciso para que estas melloras da atención cheguen coa maior axilidade a todos os centros».

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 30 do G. P. Popular de Galicia).

48ª resolución

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe colaborando co Goberno de España no proceso de exhumación de vítimas da Guerra Civil e represión franquista iniciado en Galicia no presente ano; a que demande á Administración xeral que realice as actuacións pertinentes para reclamar a propiedade dos bens con valor cultural vinculados ao sitio histórico que na actualidade permanecen en Meirás e cuxa propiedade non está sendo reclamada polo Estado; así como a que consensúe e coordine coa Administración xeral e coas distintas administracións locais as actuacións encamiñadas a procurar a recuperación, para o patrimonio público, dos bens con valor cultural vinculados ás torres de Meirás, da Casa Cornide, das estatuas de Abrahan e Isaac incorporados irregularmente ao patrimonio do ditador Francisco Franco, continuando a senda de colaboración institucional que posibilitou a recuperación para o dominio público do pazo de Meirás, cuxa xestión debe cederse no prazo máis breve á Xunta de Galicia, como lexítima representante do autogoberno galego, en cumprimento do acordo adoptado polo Parlamento de Galicia».

Aprobada por 42 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.

(Proposta de resolución núm. 37 do G. P. Popular de Galicia).

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 8 de outubro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3.6. Propositions non de lei**1.3.6.2. Propositions non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Propositions tramitadas****COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA****Aprobación sen modificacións**

- 20717 (11/PNC-001968)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis

Sobre as xestións do Goberno galego ante o Ministerio de Educación e Formación Profesional para axilizar a concreción dos novos currículos educativos e poder adaptalos ás particularidades do ensino galego

BOPG nº 196, do 08.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 10 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que solicite ao Ministerio de Educación axilidade na concreción dos novos currículos derivados da aplicación da LOMLOE como paso previo a poder acometer a súa adaptación ás particularidades do ensino galego e, entre outras cuestión, facilitar que a Consellería poida ofrecer ao profesorado galego un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.»

- 21052 (11/PNC-001998)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022
BOPG nº 198, do 15.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia recoñece a relevancia de Laxeiro no eido das artes plásticas de Galicia e manifesta a importancia de que a Xunta de Galicia coordine a posta en marcha dunha programación cultural que celebre a figura de Laxeiro coincidindo co Día das Artes Galegas 2022.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 13566 (11/PNC-001370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa problemática derivada da falta de delimitación do trazado do Camiño de Inverno
BOPG nº 119, do 05.04.2021

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

— Incoar o procedemento de delimitación do trazado do Camiño de Inverno en virtude do artigo 76 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, dando prioridade ás rutas principais que foron recoñecidas previamente.

— Promover a modificación do Plan Básico Autonómico corrixindo o trazado do Camiño de Inverno alí onde xurdan discordancias co trazado entre o trazado inicialmente previsto e o definido na súa delimitación definitiva.»

Rexeitamento das iniciativas

- 21793 (11/PNC-002064)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe desenvolver a Consellería de Cultura, Educación e Universidade para permitir que o alumnado de Baamonde escolarizado no Colexio de Educación Infantil e Primaria de Santo Estevo de Parga faga uso do transporte escolar xa existente

BOPG nº 202, do 22.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 22048 (11/PNC-002088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis

Sobre a cobertura pola Xunta de Galicia da praza de traballadora social no Centro de Educación Especial Saladino Cortizo, en Vigo

BOPG nº 206, do 29.09.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 14 de outubro de 2021, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 23439 - 4423 (11/PRE-000537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posición da Autoridade Portuaria de Vigo respecto da concesión dos terreos do estaleiro Factorías Vulcano, o coñecemento da oferta e do proxecto industrial presentado para continuar coa súa actividade produtiva, así como sobre as actuacións previstas para garantir o mantemento da actividade da construción naval nese espazo

- 23438 - 5654 (11/PRE-000682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre a valoración que fai e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co anuncio en marzo de 2018 dun investimento de 20 millóns de euros para o proxecto do ecobarrio da Ponte, en Ourense, e a execución na actualidade de só 695.856 euros

- 23533 - 5821 (11/PRE-000695)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o control levado a cabo e as previsións do Goberno galego respecto da garantía da axeitada execución e corrección das deficiencias detectadas nas obras da ruta das Augas da Freixa, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 23619 - 6879 (11/PRE-000776)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos de desemprego na nosa comunidade autónoma, do mes de novembro de 2020, e en concreto da alta taxa de temporalidade que caracteriza o noso mercado laboral, así como as medidas que vai adoptar en relación coa baixa contratación indefinida, a temporalidade e a precariedade

- 23531 - 5823 (11/PRE-001453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da garantía da axeitada execución e corrección das deficiencias detectadas nas obras da ruta das Augas da Freixa, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 23532 - 5822 (11/PRE-001716)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o control levado a cabo e as previsións do Goberno galego respecto da garantía da axeitada execución e corrección das deficiencias detectadas nas obras da ruta das Augas da Freixa, no concello de Cerdedo-Cotobade

- 23276 - 7703 (11/PRE-002399)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego, a teor do recrutamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría

- 23202 - 8072 (11/PRE-002411)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre as medidas de apoio económico específico que vai impulsar a Xunta de Galicia para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica e pola situación económica previa no concello de Ourense e na súa contorna

- 23199 - 8229 (11/PRE-002425)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o ano 2010 para a modificación da planta e demarcación xudicial co fin de posibilitar a creación dun xulgado de primeira instancia e instrución na Mariña oriental con sede en Ribadeo

- 23613 - 8448 (11/PRE-002438)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para garantir a supervivencia do sector da hostalería

- 23431 - 8632 (11/PRE-002457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co aumento do xogo e a prevención da ludopatía en Galicia

- 23430 - 8976 (11/PRE-002509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego e as demandas realizadas ao Goberno central para garantir a continuidade da planta de Alu Ibérica da Coruña

- 23426 - 9309 (11/PRE-002536)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación cos posibles incumprimentos da empresa compradora de Alu Ibérica na Coruña

- 23322 - 9625 (11/PRE-002583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, así como o desenvolvemento dun marco normativo para eses espazos

- 23609 - 10255 (11/PRE-002669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a valoración realizada pola directora xeral de Formación e Colocación respecto dos datos do paro rexistrado en Galicia no mes de xaneiro de 2021

- 23320 - 11843 (11/PRE-002877)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

Sobre a prazo previsto polo Goberno galego para a formalización do cambio do concello da Pobra de Trives para o xeodestino Ribeira Sacra

- 23425 - 11923 (11/PRE-002882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para frear a deslocalización dos servizos das empresas eléctricas en Galicia en xeral, e en particular dos servizos de Naturgy na Coruña

- 23607 - 12913 (11/PRE-003056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a tributación das persoas con dous ou máis pagadores no IRPF e o posible impacto das medidas económicas da covid-19 na declaración da renda dos colectivos e persoas vulnerables

- 23604 - 13477 (11/PRE-003367)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as razóns da existencia de exames oficiais en lingua galega con faltas de ortografía nas oposicións do mes de marzo de 2020

- 23424 - 13913 (11/PRE-003424)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación dos resultados dos programas de internacionalización desenvolvidos polo Igape e sobre a data prevista para a publicación do informe final do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020

- 23423 - 13952 (11/PRE-003428)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a continuidade da actividade de construción, reparación naval e do emprego no estaleiro San Enrique (antigo Vulcano), de Vigo

- 23422 - 14215 (11/PRE-003456)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia da baixa execución que presenta cada ano a partida orzamentaria destinada á internacionalización das empresas galegas, a súa opinión referida á suficiencia dos recursos do Igape para ese fin e a estratexia que se está a desenvolver ao respecto

- 23601 - 14312 (11/PRE-003471)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre os criterios seguidos polo Goberno galego para a designación do tribunal das oposicións da categoría A2, para o acceso aos postos de psicólogo e traballador social da Xunta de Galicia

- 23599 - 14401 (11/PRE-003483)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do impacto da pandemia da covid-19 en materia tributaria e dos resultados da Axencia Tributaria de Galicia en termos de recadación, xestión e control no ano 2020

- 23596 - 14509 (11/PRE-003496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do traslado aos grupos parlamentarios do informe sobre as actuacións de control tributario do ano 2020, así como do informe referido ao peche do exercicio orzamentario e ao informe de actividade da Axencia Tributaria de Galicia correspondente ao exercicio de 2020

- 23211 - 15283 (11/PRE-003550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre unha presunta usurpación de funcións de auxiliar de policía local no Concello da Bola

- 23273 - 15784 (11/PRE-003598)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da necesidade dun plan de seguridade galego, coordinado co estatal, para o Camiño de Santiago

- 23272 - 16900 (11/PRE-003729)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e 2 máis

Sobre as subvencións que anualmente se convocan pola Xunta de Galicia para financiar, nos concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos, a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de verán

- 23530 - 17356 (11/PRE-003781)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre o número de maltratadores que teñen recoñecido en Galicia o dereito a visita aos nenos e nenas e que acoden aos puntos de encontro familiar

- 23595 - 17450 (11/PRE-003793)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para levar a cabo a reforma integral do estadio do Couto, en Ourense

- 23209 - 6848 (11/PRE-003865)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os resultados acadados pola estratexia Autónomo 2020

- 23208 - 6870 (11/PRE-003873)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 10:12:41
Nº Rexistro: 23272
Data envío: 04/10/2021 10:12:41.787

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2021 10:12:37

CSV: REXISTROPKndYuUj8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 17356**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de maltratadores que teñen recoñecido en Galicia o dereito a visita aos nenos e nenas e que acoden aos puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 159 do 24 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas. A norma que regula os puntos de encontro familiar en Galicia é o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Estes recursos constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O obxectivo dos puntos de encontro familiar son, entre outros, favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación, facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa e, ao mesmo tempo, garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia non determina o acceso dos usuarios aos PEF, senón que dito acceso realízase por derivación da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo da solicitude dos órganos xudiciais competentes ou, excepcionalmente, das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, nos supostos de menores sobre os que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

Polo tanto, non é a Xunta de Galicia a que determina o acceso ao PEF dunha persoa condenada por violencia de xénero, senón que é o órgano xudicial competente.



Respecto disto, dende os Puntos de Encontro Familiar abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. É dicir, as derivacións aos PEF procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio Punto de Encontro, distinto ao tratamento que recibe o resto de casos

De feito, en todos os PEF de Galicia cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto, e desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado coas entidades que xestionan estes centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, na actuación dos PEF mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

En canto aos datos aos que se refire a exposición de motivos, estes son públicos dado que constan na memoria anual deste departamento. O número de casos atendidos no ano 2020 procedentes de xulgados de violencia de xénero son 24 en A Coruña, 37 en Lugo, 24 en Ourense, 9 en Pontevedra, 43 en Vigo, 20 en Ferrol e 44 en Santiago.

Respecto da opinión sobre o feito de que un maltratador manteña dereitos sobre as crianzas, lembramos que a Xunta de Galicia -ao igual que o resto de comunidades autónomas- executa o que establece o xulgado correspondente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23530
Data envío: 09/10/2021 19:39:45.539

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:39:41

CSV: REXISTRO9KbS0wANj9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 17450**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para levar a cabo a reforma integral do Estado do Couto, en Ourense”**, (publicada no BOPG número 162 do 29 de xuño de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Anualmente, a Secretaría Xeral para o Deporte acomete as obras necesarias para o mantemento das instalacións propias da súa área. No caso do campo de fútbol de O Couto na cidade de Ourense, dende 2011 e ata o ano ao que fai referencia á presente iniciativa, o 2018, este departamento investiu mais de 412.000 euros na instalación deportiva; logo dese ano, e ata o momento actual, o investimento chegou a cerca de 100.000 euros, entre os que se atopan os correspondentes aos honorarios do proxecto básico de reforma do estadio.

No proxecto propúxose desagregar as obras de reforma e mellora en 3 tipos de intervencións: en primeiro lugar estarían as de reparación e rehabilitación estrutural, destinadas fundamentalmente a asegurar e protexer as estruturas para incrementar a súa vida útil. En segundo termo, estarían as obras de renovación ou posta ao día de carácter funcional, cuxo obxectivo son os elementos superpostos ás estruturas, principalmente mobiliario (asentos) e instalacións. Finalmente, atópanse as obras de ampliación demandadas, que se circunscriben ao edificio administrativo situado no fondo norte e que permitirán organizar de forma totalmente independente os usos puramente deportivos daqueles de carácter administrativo-social e representativa que o estadio demanda.

Ademais destes tres tipos de intervencións, defínense tamén unha serie de traballos destinados a mellorar e cualificar a imaxe do edificio, tanto interior como exterior. Trátase de intervencións fundamentadas no emprego de elementos de carácter construtivo, enfocadas a resolver ou incrementar determinados déficits de seguridade detectados e que se materializarían en elementos tales como celosías, definicións de perímetros e fachadas, etc.





Entendemos así, que o proxecto de Reforma e Ampliación do Estadio do Couto é unha oportunidade non só de tratar aqueles aspectos relativos á deterioración sufrida polas edificacións ao longo do tempo ou a renovación do seu equipamento de bancada, senón a de poder ofrecer un conxunto máis funcional e máis flexible.

O proxecto contempla un prazo de execución de sete meses cun orzamento base de licitación de mais de 1,6 millóns de euros.

A Secretaría Xeral para o Deporte ten solicitada xa a pertinente licencia de obras ante o Concello”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23595
Data envío: 13/10/2021 15:57:28.360

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:57:25

CSV: REXISTROoGa6GQhuU5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6848**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados acadados pola estratexia Autónomo 2020”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Estratexia do Autónomo 2020 activouse no 2017, cun investimento anual de 40 millóns de euros, e co obxectivo de apoiar de media a máis de 10.000 persoas traballadoras cada ano, a través de 20 actuacións. Cabe sinalar que a metade das accións eran novas na Comunidade e puxéronse en marcha ao longo do ano 2017 e o resto fóronse desenvolvendo ao longo deste tempo, atendendo ao 100% das medidas propostas. O seguimento, control e mellora desta folla de ruta realízase a través da Mesa do Emprego Autónomo de Galicia, na cal están presentes todos os axentes involucrados e con representatividade. Por outra banda e como consecuencia directa da irrupción da covid-19, en 2020 a Consellería de Emprego e Igualdade, realizou un maior esforzo a prol do traballo autónomo. Así, destácanse os diferentes Plans de rescate para persoas autónomas, hostalaría e microempresas afectadas pola covid-19 que mobilizaron máis de 416 millóns de euros para manter a actividade económica destes profesionais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:59:07
Nº Rexistro: 23209
Data envío: 01/10/2021 11:59:07.207

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:59:03

CSV: REXISTRO1FWuckA5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 6870**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego dos datos de desemprego na nosa comunidade autónoma do mes de novembro de 2020, e en concreto da alta taxa de temporalidade que caracteriza o noso mercado laboral”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia pechou outubro cun incremento do paro do 10,35% na evolución anual. Pese a este aumento, no conxunto do Estado o desemprego medrou case o dobre que na comunidade galega, que se situou como a terceira rexión na que menos aumentou o paro. En concreto, en España medra o paro nun 20,40%, polo que o ritmo de subida en Galicia é máis de 10 puntos inferior.

Os datos de paro rexistrado reflectiron que os efectos da covid-19 continuaron impactando no mercado laboral. Por iso, a Xunta de Galicia continuou traballando e deseñando medidas da man dos axentes sociais e económicos para recuperar no menor tempo posible o emprego perdido desde o inicio da pandemia e reactivar a economía mediante o fomento do traballo de calidade.

Pese a este aumento, Galicia contou con 10.322 parados menos que ao inicio da pandemia. Neste senso, con respecto a abril do ano 2020, a comunidade galega recuperou emprego, o que supón un descenso do paro neste período (entre abril de 2020 e outubro de 2020) dun - 5,39 a un nivel inferior ao de hai 11 anos, pese á subida rexistrada.

En canto ás afiliacións, a Comunidade galega superou o millón de cotizacións (1.012.018) situándose a un nivel superior ao reflectido hai dez anos.





Na evolución mensual, o paro tamén aumentou, aínda que case dous puntos menos que en outubro de 2019. O desemprego medrou con respecto a setembro de 2020 nun 2,68% fronte á suba do 4,66% rexistrada en outubro de 2019 con respecto a setembro dese ano. Neste senso, o incremento deste outubro continuou a tendencia rexistrada en Galicia desde 1996 (serie histórica de datos)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:58:58
Nº Rexistro: 23208
Data envío: 01/10/2021 11:58:58.723

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:58:54

CSV: REXISTRO7hSNJ3Bm5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7189**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“o destino das achegas ofrecidas ás avogadas da quenda de oficio”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Con relación aos profesionais da avogacía e procuradoría as competencias transferidas á Comunidade Autónoma en materia de provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza (Real decreto 2166/1994), teñen por obxecto, entre outras finalidades, as indemnizacións a estes profesionais polas actuacións correspondentes á quenda de oficio no noso territorio.

Polo tanto, o ofrecemento da liña de axudas realizado pola Xunta de Galicia no primeiro semestre de 2020 tanto ao Consello da Avogacía Galega como ao Consello dos Procuradores de Galicia, foi para axudar os profesionais da quenda de oficio, que é o colectivo respecto do cal o Goberno Autonómico manexa fondos destinados á xustiza gratuíta, orzamento finalista en canto aos suxeitos e que, polo tanto, non podería ter outro tipo de beneficiarios senón os profesionais integrantes da dita quenda.

Neste contexto, o pasado ano 2020 o Consello dos Procuradores de Galicia recibiu 149.000 € destinado aos profesionais inscritos na quenda de oficio, contribuíndo así a paliar o impacto provocado no sector pola paralización da actividade debido á crise sanitaria da



COVID-19. E o ofrecemento tamén foi realizado ao Consello da Avogacía Galega, se ben este o rexeitou“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:58:40
Nº Rexistro: 23206
Data envío: 01/10/2021 11:58:40.817

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:58:37

CSV: REXISTROeXHomL35
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7230**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as pensións non contributivas”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A dotación orzamentaria da que dispón a Consellería de Política Social para a partida que permite facer fronte ao pagamento de axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos, permite dar cobertura á totalidade dos perceptores das prestacións mencionadas.

Trátase dunha axuda que se ven concedendo dende 2008 de xeito ininterrompido, sendo Galicia unha das CCAA que mantén un complemento destas características, que se aboa de xeito totalmente voluntario.

O pagamento realízase de oficio, unha vez que a Xunta comproba na súa base de datos que os posibles beneficiarios cumpren coas condicións. Polo tanto, non é preciso presentar solicitude, co que nos aseguramos de chegar a todos os beneficiarios dun xeito áxil.

A posibilidade de incrementar a contía individual do complemento estudárase no marco xeral de revisión da planificación e adopción das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social coas que xa conta a Xunta de Galicia, e das que se poden beneficiar todas as persoas que se atopen nesa situación, independentemente da orixe das fontes de financiamento coas que contén.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:51:17
Nº Rexistro: 23437
Data envío: 07/10/2021 10:51:17.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:51:14

CSV: REXISTROSxF09dPPp7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas directas para o sector da hostalaría en Galicia”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está ao carón dos sectores económicos máis afectados pola pandemia, incluído o da hostalaría, tal e como demostra a posta a disposición dos mesmos de 587 millóns de euros, en tempo récord, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas. En conxunto os tres plans de rescate impulsados pola Consellería de Emprego e Igualdade, mobilizaron máis de 416 millóns de euros baixo diferentes programas de axuda que contemplan a toda a comunidade autónoma de Galicia. Destacándose que o sector da hostalaría ademais de poder optar ás distintas axudas contempladas no marco dos plans de rescate, contaron nos mesmos, cun programa específico para aqueles negocios que viron afectada a súa actividade polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias. Asemade, cumpre destacar a transparencia da Xunta de Galicia no relativo as medidas postas en marcha ‘para afrontar a crise do sector da hostalaría en Galicia’ tal e como demostran informes como o rexistrado o pasado 28 de decembro de 2020 no Parlamento galego, ‘sobre as axudas directas para paliar os estragos económicos que a covid-19 está a ter no sector da hostalaría e o ocio nocturno en Galicia’ elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:58:32
Nº Rexistro: 23205
Data envío: 01/10/2021 11:58:32.614

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:58:29

CSV: REXISTROTGWZNLXgs5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7283**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas para afrontar a crise do sector da hostalaría en Galicia”**, (publicada no BOPG número 73 do 11 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está ao carón dos sectores económicos máis afectados pola pandemia, incluído o da hostalaría, tal e como demostra a posta a disposición dos mesmos de 587 millóns de euros, en tempo récord, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas. En conxunto os tres plans de rescate impulsados pola Consellería de Emprego e Igualdade, mobilizaron máis de 416 millóns de euros baixo diferentes programas de axuda que contemplan a toda a comunidade autónoma de Galicia. Destacándose que o sector da hostalaría ademais de poder optar ás distintas axudas contempladas no marco dos plans de rescate, contaron nos mesmos, cun programa específico para aqueles negocios que viron afectada a súa actividade polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias. Asemade, cumpre destacar a transparencia da Xunta de Galicia no relativo as medidas postas en marcha ‘para afrontar a crise do sector da hostalaría en Galicia’ tal e como demostran informes como o rexistrado o pasado 28 de decembro de 2020 no Parlamento galego, ‘sobre as axudas directas para paliar os estragos económicos que a covid-19 está a ter no sector da hostalaría e o ocio nocturno en Galicia’ elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:58:24
Nº Rexistro: 23204
Data envío: 01/10/2021 11:58:24.160

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:58:20

CSV: REXISTROLRPBnJ4so9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7458**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonso, sobre **“as actuacións que vai desenvolver o Goberno galego para paliar as consecuencias do aumento de prezo no subministro enerxético e atallar as dificultades no acceso a este ben básico”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, e especificamente a Consellería de Política Social, dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que mais o necesitan.

En concreto as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social, encádranse, a efectos de planificación estratéxica, na Estratexia Social de Inclusión de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia. Dentro destes instrumentos existen medidas que pretenden paliar o problema da pobreza enerxética, e que de xeito específico desenvolve principalmente a Consellería de Economía, Empresa e Innovación, mais alá das medidas de carácter xeral coas que conta a Consellería de Política Social para abordar a loita contra a pobreza.

Así mesmo, engádese que a Consellería de Política Social dispón, entre outras tipoloxías, de Axudas de Inclusión Social (AIS) vinculadas ao uso da vivenda, que se conceden para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas da vivenda, como son os gastos de auga, luz e outros necesarios para poder continuar habitando a vivenda.



Destácase neste senso que o orzamento destinado ás Axudas de Inclusión Social (AIS) incrementouse nun 35% con respecto ao ano pasado, acadando os 4,5 millóns de euros no presente exercicio 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:51:10
Nº Rexistro: 23436
Data envío: 07/10/2021 10:51:10.789

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:51:07

CSV: REXISTROGleJk1Wjh2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 7701**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adopción polo Goberno galego, a teor do recrutamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría”**, (publicada no BOPG número 79 do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia estivo e segue a estar ao carón dos autónomos e empresas do noso territorio, como ten demostrado coa mobilización, en tempo récord, de 587 millóns de euros, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas, destinados a impulsar e manter a actividade económica fronte á pandemia.

En menos de seis meses, e a través dos dous primeiros plans de rescate, o Goberno galego, en consenso co diálogo social e os autónomos, deseñou, xestionou e pagou máis de 180 millóns de euros de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, cunha forte presenza do sector da hostalaría, que contou con programas exclusivos de axuda nos plans de rescate autonómicos. De feito, as axudas da Xunta destinadas ao sector da hostalaría acercáronse aos 87 millóns de euros, o que representa preto do 50% do orzamento dos devanditos plans, de modo que o 90% dos bares, restaurantes, hoteis e cafeterías de Galicia recibiron algunha axuda directa de fondos propios da Xunta.

Por outra banda, o terceiro Plan de rescate, con fondos estatais, presenta uns requisitos e condicións de acceso moito máis rixidas, que están a imposibilitar a gran parte do sector o acceso ás axudas, polo que desde a Xunta impulsamos medidas de flexibilización que



facilitan o seu acceso como a ampliación do prazo de solicitude ata o 30 de setembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:40:14
Nº Rexistro: 23245
Data envío: 01/10/2021 13:40:14.973

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:40:10

CSV: REXISTROw6BJCjM94
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 7879**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego sobre a previsión dunha partida de 50 millóns de euros nos orzamentos do Estado para a aplicación de bonificacións e descontos ás persoas usuarias da autoestrada AP-9”**, (publicada no BOPG número 79, do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo continuo da Xunta de Galicia contribuíu a que os galegos visen cumprido o pasado 29 de xullo o compromiso do Goberno central, anunciado en outubro de 2020, de rebaixar as peaxes da AP-9. En todo caso, as bonificacións autorizadas non acadan a contía de 63 millóns de euros recollida nos Presupuestos Generales del Estado, nin tiveron en conta a proposta feita polo Goberno galego para o caso dos vehículos pesados, polo que a rebaixa da peaxe que se aplica para este colectivo é claramente insuficiente, como ten manifestado o propio sector e como teñen demostrado xa outras experiencias previas.

No que atinxe á transferencia da titularidade desta autoestrada, a Xunta mantén dende 2009 a mesma postura. Ademais de avogar por esa transferencia para acadar unha xestión máis eficiente, pegada ao territorio e máis acorde aos intereses dos galegos, defende que o traspaso da titularidade veña acompañado dos recursos económicos e técnicos necesarios para a correcta xestión da AP-9 ata o remate da concesión, así como para acometer todas as obras previstas que seguen pendentes de execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23617
Data envío: 13/10/2021 16:00:52.438

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 16:00:48

CSV: REXISTROBF3k27ap9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 7968**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de aplicar descontos nas tarifas das autovías de titularidade autonómica AG-55 e AG-57”**, (publicada no BOPG número 79, do 20 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“As dúas autoestradas de titularidade da Xunta, a autoestrada do Val Miñor e a autoestrada A Coruña-Carballo, son as máis baratas de España, nas que este ano, ademais, o Goberno galego rebaxou ou conxelou as súas tarifas.

Desde o ano 2010, a Xunta bonifica as viaxes dos usuarios habituais. Así, os días hábiles aplícase un 25% de desconto ao importe da viaxe de volta realizada no mesmo día que a ida, e o 50% da segunda viaxe de volta e posteriores sempre que se fagan tamén no mesmo día. Estes descontos son aplicables tanto a vehículos lixeiros como a pesados que empreguen a telepeaxe como medio de pago.

Ademais, desde outubro do ano 2019, aplícanse descontos do 50% ás viaxes realizadas en horario nocturno, entre as 0:00 e as 6:00 horas de mañá, aplicándose a todos os vehículos que dispoñan de telepeaxe.

En ambos os casos o importe desas bonificacións descóntaselle ao cidadán e asúmeo a Xunta, repercutindo o aforro directamente nos usuarios da AG-55 e a AG-57.

Desde o pasado 11 de agosto, ademais, o Goberno galego empezou a aplicar unha nova rebaxa dirixida especificamente ás familias numerosas, que supón unha bonificación do 100% na viaxe de volta.





Tamén desde o pasado 11 de agosto está en vigor a medida que estende ás 24 horas posteriores á viaxe de ida o desconto do 25% na volta, e do 50% na segunda volta, aos usuarios recorrentes, que ata agora se aplicaba só ás viaxes realizadas no mesmo día.

Polo tanto, as autoestradas dependentes da Xunta de Galicia, a AG-57 e a AG-55, seguen a ser das máis baratas de España, máis baratas incluso que a AP-9 tras a aplicación das bonificacións comprometidas polo Goberno central en outubro de 2020 e materializadas aínda o pasado 29 de xullo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23616
Data envío: 13/10/2021 16:00:44.063

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 16:00:39

CSV: REXISTRObMTg90eI7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8073**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Iago Tabarés Pérez Piñeiro, sobre **“as medidas de apoio económico específico que vai impulsar a Xunta de Galicia para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica e pola situación económica previa no concello de Ourense e na súa contorna”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intensos en sectores como o da hostalaría. En consecuencia, desde a consellería de Emprego e Igualdade, en diálogo permanente cos representantes das autónomas e autónomos e do noso tecido empresarial, puxéronse en marcha dous plans de rescate, ao que se lle engade un terceiro de fondos estatais. Así, o Goberno autonómico mobilizou en tempo récord un total de 416 millóns de euros, a través de tres plans de rescate, que permitiron amortecer o impacto da covid-19. No referido a provincia de Ourense podemos dicir que a data de 31 de agosto de 2021 os dous plans de rescate autonómicos tramitaron 10.313 solicitudes e mobilizaron 20.691.800 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:59
Nº Rexistro: 23201
Data envío: 01/10/2021 11:57:59.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:57:56

CSV: REXISTROujNpXUQb9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8231**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da modificación da demarcación e planta xudicial para dotar A Mariña oriental dun partido xudicial propio”**, (publicada no BOPG número 84 do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A competencia para a proposta de modificación da demarcación xudicial vén determinada por un réxime de competencias establecido no artigo 35 da Lei 6/1985 do Poder Xudicial, sendo o lexislador estatal a través da modificación da Lei de demarcación e planta xudicial quen fai posible a supresión, creación ou modificación dun partido xudicial, neste último caso modificando os concellos que forman parte dun partido e pasan a integrar outro limítrofe.

Haberá que estar ao que resulte finalmente da iniciativa lexislativa estatal sobre a reorganización da Xustiza agora en tramitación, e ata entón non é desexable adiantar criterios que poderían verse afectados polo deseño e liñas xerais que finalmente determinen o proxecto do Goberno Central“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:35
Nº Rexistro: 23198
Data envío: 01/10/2021 11:57:35.082

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:57:31

CSV: REXISTRO7v09nYg5Q8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 8446**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de rescate para garantir a supervivencia do sector da hostalería”**, (publicada no BOPG número 84, do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia estivo e segue a estar ao carón dos autónomos e empresas do noso territorio, como ten demostrado coa mobilización, en tempo récord, de 587 millóns de euros, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas, destinados a impulsar e manter a actividade económica fronte á pandemia.

En menos de seis meses, e a través dos dous primeiros plans de rescate, o Goberno galego, en consenso co diálogo social e os autónomos, deseñou, xestionou e pagou máis de 180 millóns de euros de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, cunha forte presenza do sector da hostalaría, que contou con programas exclusivos de axuda nos plans de rescate autonómicos. De feito, as axudas da Xunta destinadas ao sector da hostalaría acercáronse aos 87 millóns de euros, o que representa preto do 50% do orzamento dos devanditos plans, de modo que o 90% dos bares, restaurantes, hoteis e cafeterías de Galicia recibiron algunha axuda directa de fondos propios da Xunta.

Por outra banda, o terceiro Plan de rescate, con fondos estatais, presenta uns requisitos e condicións de acceso moito máis rixidas, que están a imposibilitar a gran parte do sector o acceso ás axudas, polo que desde a Xunta impulsamos medidas de flexibilización que facilitan o seu acceso como a ampliación do prazo de solicitude ata o 30 de setembro.”





O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23615
Data envío: 13/10/2021 16:00:35.376

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 16:00:32

CSV: REXISTROuHEIDYvU9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 8689**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego do anuncio feito polo presidente da Xunta de Galicia, en marzo de 2018, en relación a un investimento de 20 millóns de euros para o Proxecto Ecobarrio da Ponte en Ourense”**, (publicada no BOPG número 84, do 28 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, con motivo do debate da pregunta 7292 que tivo lugar na sesión do 9 de abril de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NjhiMjgzYjYtMGNIIny00MTUxLWFFjNjgtN2FhYWYzNTk0MG10&start=64.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjhiMjgzYjYtMGNIIny00MTUxLWFFjNjgtN2FhYWYzNTk0MG10&start=64.)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:57:38
Nº Rexistro: 23225
Data envío: 01/10/2021 12:57:38.676

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:57:34

CSV: REXISTROOM4UVfGBf4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9011**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido da auditoría que está a realizar a Xunta de Galicia nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O ano pasado, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesario ca nunca.

O Goberno galego cumpriu o Plan de Inspección e realizou máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade; os técnicos de inspección iniciaron 65 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais; ademais, comezouse a desenvolver en todas as residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus.

Esta avaliación levouse a cabo durante 15 días, e foi complementaria ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario.

Co fin de axudar ás residencias a facer fronte á pandemia, sobre todo nos puntos críticos que se viñan identificando como tal á hora de evitar ou controlar un brote, planeouse a realización de auditorías para supervisar o grao de implantación destes elementos e a eventual realización de modificacións ou melloras nos procesos.

As auditorías comezáronse a realizar ao principio de decembro, estimándose realizar mais de 300 visitas aos centros residenciais nun prazo de 3-4 semanas nunha primeira fase. Este calendario foise axustando en función da situación dos centros, evitando as visitas se nun centro tiñan casos positivos nese momento.



Tendo en conta o volume de traballo no prazo de tempo definido, as auditorías fixéronse por técnicos superiores de prevención de riscos laborais mediante visitas polas instalacións dos centros e entrevistas con aquelas persoas que consideraron os técnicos.

Empregaron un cuestionario de 83 ítems co obxectivo de coñecer a súa situación e preparación fronte ao covid-19 e deste xeito, detectar os aspectos de mellora que puideran ter os centros residenciais e informando dos resultados da súa visita á Dirección Xeral de Atención Integral Socio sanitaria.

Fixéronse recomendacións in situ sobre aspectos a mellorar en relación aos ítems da auditoría.

Cando se detectou algunha residencia que necesitaba un apoio metodolóxico máis intenso desprazáronse técnicos da Consellería de Política Social para implantar procesos de mellora naqueles eidos que se consideraron máis críticos.

Resaltar a total colaboración por parte das residencias co proceso de auditoría e o seu espírito construtivo á hora de adoptar as melloras recomendadas polos técnicos que as levaron a cabo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:50:16
Nº Rexistro: 23429
Data envío: 07/10/2021 10:50:16.977

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:50:13

CSV: REXISTRO8x7BhQ69
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9015**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do deseño dunha verdadeira renda mínima en Galicia”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a traballar na reforma da Lei de Inclusión Social de Galicia, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector.

O obxectivo principal da reforma é adaptar a Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV), e así mesmo apostarase pola simplificación e a redución da burocracia, co fin de que a tramitación destas axudas sexa o máis rápida e áxil posible.

No marco dos ditos traballos contemplárase a creación de programas e complementos que poidan apoiar ás persoas perceptoras do IMV no seu proceso de inclusión social activa, toda vez que nesta prestación unicamente se proporciona apoio de carácter económico básico.

Cómpre destacar que nesta Comunidade non se extingue a RISGA polo feito de cumprir os requisitos para acceder ao IMV nin de telo solicitado, senón unicamente cando se ten constancia da concesión efectiva do IMV, e sempre que o importe desta última prestación sexa superior ao das pensións non contributivas e a aquel que, de conformidade coa normativa, permitiría percibir unha RISGA complementaria.



Esto é especialmente importante tendo en conta que a normativa reguladora do IMV aínda non está configurada de xeito definitivo, e a resolución das axudas está a sufrir un retraso considerable, polo que o obxectivo da comunidade autónoma de Galicia é que ningunha persoa quede desasistida.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:50:09
Nº Rexistro: 23428
Data envío: 07/10/2021 10:50:09.477

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:50:05

CSV: REXISTROjh8GJEV82
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9028**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da ratio de persoal establecida na normativa vixente para as residencias de persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Como se indica no texto da pregunta os requisitos das residencias de persoas maiores regúlanse na Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Respecto das residencias, esta Orde recolle o seguinte:

“Todo centro residencial deberá contar coa figura dun responsable.

O persoal será o adecuado en número e especialización para prestar os servizos correspondentes.

A rateo mínima de persoal de atención directa en réxime de xornada completa será de 0,20 por usuario en módulos destinados á atención de persoas con autonomía e de 0,35 en módulos destinados a persoas dependentes. Para estes efectos entenderase por atención directa a realizada tanto por persoal xerocultor como sanitario.

Garantirase a vixilancia e coidado da saúde dos residentes por persoal cualificado para esta función. Os centros cun número inferior a 40 prazas asistidas deberán contar coa presenza localizada de médico e ATS ou DUE durante as 24 horas. Aqueles cun número superior de prazas asistidas, ademais da presenza localizada do persoal médico, deberán contar coa presenza física do ATS ou DUE as 24 horas.





Sen prexuízo do anterior deberáselles prestar unha asistencia sanitaria integral a todos os residentes, a través de prestacións de servizos profesionais propios ou concertados”.

Polo tanto os requisitos de persoal das residencias de persoas maiores que se esixen pola normativa autonómica son os mesmos dende o ano 1996, sen que se houberan modificado en ningunha das lexislaturas dende a súa aprobación.

Os requisitos que se esixen na nosa comunidade autónoma non difiren dos que se esixen no marco das restantes comunidades autónomas, estando por enriba de varias delas en especial no que se refire aos requisitos do persoal de enfermaría.

Malia o anterior dende a Xunta de Galicia estase a traballar no novo modelo de residencias, no que se están a avaliar as novas necesidades que se detectan nas residencias en canto aos seus requisitos estruturais, funcionais, de coordinación sociosanitaria, e de persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:50:01
Nº Rexistro: 23427
Data envío: 07/10/2021 10:50:01.774

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:49:57

CSV: REXISTROcBpryRx99
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9080**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da súa intervención para acadar o mantemento dos 36 postos de traballo da empresa Galicia Téxtil”**, (publicada no BOPG número 88, do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 9078 que tivo lugar na sesión do 17 de febreiro de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2021-02-17?part=4ae9dfa0-d669-4681-b517-b8fe37abd61b&start=1173>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:57:29
Nº Rexistro: 23224
Data envío: 01/10/2021 12:57:29.473

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:57:25

CSV: REXISTROnzY1y1AhL9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9198**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a posta a disposición pola Xunta de Galicia ao Concello de Ribadeo dun inmobile reformado e acondicionado para albergar temporalmente as dependencias do Xulgado de Paz”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar indicar que os Concellos ostentan responsabilidades no mantemento dos xulgados de paz.

Dada a configuración da xustiza municipal, a Lei 38/1988 de demarcación e de planta xudicial consolidou a tradicional colaboración dos concellos no mantemento dos medios persoais e materiais dos ditos órganos, sen prexuízo do soporte económico que de modo directo ou a través de subvencións lles prestan as Comunidades Autónomas: “As instalacións e medios instrumentais do Xulgado de Paz estarán a cargo do Concello respectivo, salvo cando fora conveniente a súa xestión (total ou parcial) polo Ministerio de Xustiza ou a Comunidade Autónoma respectiva” (artigo 51.3).

No concreto caso do Xulgado de Paz de Ribadeo, a súa sede situábase nun edificio antigo, propiedade do Concello. Dado o estado físico no que se atopaba, abordáronse distintas iniciativas ata que finalmente o Concello de Ribadeo, a través dun convenio cunha empresa privada, comunicou que se ía a actuar de forma integral sobre o edificio e que, mentres tanto, pedía que a Xunta de Galicia lle cedese un local provisional para o desenvolvemento do servizo.



En prol de contribuír á mellora das condicións da xustiza municipal e axudar ao Concello, de quen é responsabilidade a habilitación dos medios técnicos, instrumentais e das instalacións axeitadas do xulgado de paz, a Xunta ofreceulle un espazo (un baixo do IGVS que houbo que acondicionar para que servise a esta finalidade) dun xeito provisional mentres o Concello reforma o edificio do xulgado de paz.

Realizadas pola Xunta as obras necesarias de acondicionamento do baixo ofrecido provisionalmente e a instalación de voz e datos, comezouse cos preparativos para o traslado temporal a este novo local, do cal se informou ao TSXG que con data do 19 de febreiro autorizou que o xulgado de paz se traslade de forma provisional ás instalacións temporais ofrecidas pola Xunta ao Concello, mentres o Concello habilita as instalacións da sede do xulgado de paz.

En definitiva, cómpre poñer en valor o esforzo que fixo a Xunta de Galicia para colaborar co Concello de Ribadeo, cedéndolle un local provisional mentres a Administración Municipal (que é quen ostente responsabilidade sobre as instalacións do xulgado de paz) habilita a procedente sede para albergar con carácter definitivo as dependencias do xulgado de paz“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:56:56
Nº Rexistro: 23194
Data envío: 01/10/2021 11:56:56.504

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:56:52

CSV: REXISTROFRYMDmo4A4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9210**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adopción polo Goberno galego das medidas urxentes de apoio ao sector da hostalaría”**, (publicada no BOPG número 88 do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia estivo e segue a estar ao carón dos autónomos e empresas do noso territorio, como ten demostrado coa mobilización, en tempo récord, de 587 millóns de euros, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas, destinados a impulsar e manter a actividade económica fronte á pandemia.

En menos de seis meses, e a través dos dous primeiros plans de rescate, o Goberno galego, en consenso co diálogo social e os autónomos, deseñou, xestionou e pagou máis de 180 millóns de euros de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, cunha forte presenza do sector da hostalaría, que contou con programas exclusivos de axuda nos plans de rescate autonómicos. De feito, as axudas da Xunta destinadas ao sector da hostalaría acercáronse aos 87 millóns de euros, o que representa preto do 50% do orzamento dos devanditos plans, de modo que o 90% dos bares, restaurantes, hoteis e cafeterías de Galicia recibiron algunha axuda directa de fondos propios da Xunta.

Por outra banda, o terceiro Plan de rescate, con fondos estatais, presenta uns requisitos e condicións de acceso moito máis rixidas, que están a imposibilitar a gran parte do sector o





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:56:47
Nº Rexistro: 23193
Data envío: 01/10/2021 11:56:47.957



Xacobeo 21-22

acceso ás axudas, polo que desde a Xunta impulsamos medidas de flexibilización que facilitan o seu acceso como a ampliación do prazo de solicitude ata o 30 de setembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:56:47
Nº Rexistro: 23193
Data envío: 01/10/2021 11:56:47,957

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:56:40

CSV: REXISTRODB924UTQ9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 9308**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación do Goberno galego en relación aos posibles incumprimentos da empresa compradora de Alu Ibérica na Coruña”**, (publicada no BOPG número 88, do 3 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, con motivo do debate da pregunta 9307 que tivo lugar na sesión do 7 de abril de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjRmZWVkdODItMGNjYy00ODhiLWJjYjltYWYzY2ZIY2NmMmJk&start=1529>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:57:21
Nº Rexistro: 23223
Data envío: 01/10/2021 12:57:21.254

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:57:17

CSV: REXISTROXVz3dFx2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 9623**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 91 do 10 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta do 24 de novembro de 2011, aprobou o mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, ferramenta de promoción que supoñía un pulo ao turismo, que representou un salto cualitativo e necesario á hora de entender o turismo enriquecendo a singularidade e a diferenza de Galicia como multideestino.

Transcorrida unha década do funcionamento dos xeodestinos, que se amosa exitosa, tamén é tempo de avaliar e reestruturar o mapa de xeodestinos para facilitar as relacións entre o ente xestor e o territorio, e actualizala tras anos da creación destas figuras.

O proceso de diálogo cos entes, deputacións e concellos segue aberto, para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

O mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e do estudo das propostas logo das conversas, adquirirá carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23324
Data envío: 04/10/2021 15:12:56.784

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2021 15:12:52

CSV: REXISTROW8Exv59N9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 10253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración realizada pola directora xeral de Formación e Colocación respecto dos datos do paro rexistrado en Galicia no mes de xaneiro de 2021”**, (publicada no BOPG número 96, do 17 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Pese aos efectos que a pandemia está a causar no mercado laboral, Galicia iniciou o ano cunha baixada do paro do 1,9% (-3.603 persoas) e cun aumento da contratación indefinida e a tempo completo con respecto a decembro de 2020. Así, na evolución mensual, o desemprego descendeu por primeira vez nun mes de xaneiro desde 1996 e nas catro provincias.

Ademais, o emprego de calidade medrou, cun aumento da contratación indefinida do 20,67% (+1.067 contratos), un ritmo moi superior ao reflectido na contratación temporal, do 3,71%. Tamén creceu con forza a contratación a tempo completo, nun 8,5%.

Con respecto a comparativa anual, Galicia continúa a niveis de paro inferiores a hai 12 anos, amosando o mercado laboral galego unha enorme capacidade de resistencia, que se está a demostrar en colectivos prioritarios como as mulleres, cunha taxa de paro do 13,17%, moi por debaixo do 18,33 do nivel estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23611
Data envío: 13/10/2021 15:59:59.985

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:59:53

CSV: REXISTROWsGmVb2Q88
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 11842**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a prazo previsto polo Goberno galego para a formalización do cambio do concello da Pobra de Trives para o xeodestino Ribeira Sacra”**, (publicada no BOPG número 109 do 11 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta do 24 de novembro de 2011, aprobou o mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, ferramenta de promoción que supoñía un pulo ao turismo, que representou un salto cualitativo e necesario á hora de entender o turismo enriquecendo a singularidade e a diferenza de Galicia como multidestino.

Transcorrida unha década do funcionamento dos xeodestinos, que se amosa exitosa, tamén é tempo de avaliar e reestruturar o mapa de xeodestinos para facilitar as relacións entre o ente xestor e o territorio, e actualizala tras anos da creación destas figuras.

O proceso de diálogo cos entes, deputacións e concellos segue aberto, para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

O mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e do estudo das propostas logo das conversas, adquirirá carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23321
Data envío: 04/10/2021 15:12:30.987

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2021 15:12:27

CSV: REXISTROQG9icIQP9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12915**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a tributación das persoas con dous ou máis pagadores no IRPF e o posible impacto das medidas económicas da covid-19 na declaración da renda dos colectivos e persoas vulnerables”**, (publicada no BOPG número 115 do 24 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O IRPF é un imposto estatal que xestiona a administración do Estado a través da Axencia Estatal Tributaria. O Goberno Central non tivo en conta o efecto tributario que podía ter para os contribuíntes a implantación dos Expedientes de Regulación de Emprego Temporal por forza maior derivados da pandemia. Non foi hasta o 7 de abril de 2021 cando o BOE publicou, o mesmo día que comezaba a campaña da renda 2020, a orde ministerial que permitía aos contribuíntes afectados por un Expediente de regulación de emprego temporal derivados da pandemia da covid-19 (ERTE) fraccionar en seis meses o pago da débeda tributaria derivada do Imposto da renda das persoas físicas. Galicia non ten capacidade normativa para a resolución da problemática tributaria, competencia da Administración do Estado, derivada dos ERTES”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23606
Data envío: 13/10/2021 15:59:06.579

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:59:02

CSV: REXISTROWsbKny7PK3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13465**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual do Expediente IN334A 2020-01-1, de expropiación forzosa da vía da Casalonga, no concello de Teo, relacionado coa concesión da explotación mineira A Casalonga nº 6996”**, (publicada no BOPG número 118, do 31 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, con motivo do debate da pregunta 13464 que tivo lugar na sesión do 4 de maio de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2021-05-04?part=e6eaa461-5efa-4d8b-9ccd-741088d78ac9&start=1354>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:57:13
Nº Rexistro: 23222
Data envío: 01/10/2021 12:57:13.145

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:57:09

CSV: REXISTROP8m5cxza7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13478**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da existencia de exames oficiais en lingua galega con faltas de ortografía nas oposicións do mes de marzo de 2020”**, (publicada no BOPG número 118 do 31 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de marzo, celebráronse na nosa comunidade os primeiros exercicios dos procesos selectivos que quedaron pendentes de realizarse como consecuencia da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. En total realizáronse dezoito procesos selectivos correspondentes a distintos corpos e escalas da Administración xeral e especial da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a maioría deles dos grupos máis altos, A1 e A2.

Na elaboración dos exames de galego dalgún de estes procesos selectivos de marzo, cometéronse algúns erros ortográficos. Ditos erros non desvirtuaron o sentido das preguntas nin impediron ás persoas aspirantes coñecer con claridade o contido delas, de feito, as reclamacións recibidas na Dirección Xeral de Función Pública, refírense sempre a incorreccións gramaticais ou lingüísticas no exame de galego pero en ningún caso alegan que ditos erros xeraran dúbidas ou confusións que afectarán á elección das respostas polos participantes polo que poden cualificarse de meras irregularidades non invalidantes e que non provocaron indefensión.

Sen embargo, e a pesar de que a Dirección Xeral da Función Pública realiza recomendacións sobre a correcta utilización da lingua galega, púxose en coñecemento dos tribunais afectados





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23603
Data envío: 13/10/2021 15:58:41.532



Xacobeo 21-22

as reclamacións recibidas a fin de que na elaboración dos seguintes exames presten especial atención á correcta utilización da lingua galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23603
Data envío: 13/10/2021 15:58:41.532

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:58:38

CSV: REXISTROugjSvh814
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13551**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego das medias adoptadas fronte á violencia sexual”**, (publicada no BOPG número 118 do 31 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 24 de novembro de 2020 a Xunta de Galicia deu resposta á pregunta urxente número de rexistro 5441 sobre a valoración que fai o Goberno galego dos datos inseridos en diversos estudos e informes oficiais que reflicten un forte incremento dos casos de violencia sexual en Galicia a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia no Pleno do Parlamento galego.

Neste sentido, sinálase que Galicia conta cun marco legislativo pioneiro no Estado en canto á consideración da violencia sexual como violencia de xénero. Deste xeito, a Lei 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a diferenza do que ocorre coa norma estatal, si tipifica como formas de violencia de xénero a violencia sexual, os abusos sexuais e o acoso sexual.

Ademais disto, a Consellería de Emprego e Igualdade desenvolve accións en relación á prevención, sensibilización e información sobre a violencia sexual e o acoso sexual, así como actuacións en materia de intervención directa coas vítimas.

Entre estas medidas están as primeiras xornadas de prevención e sensibilización da violencia sexual na mocidade nas tres principais universidades galegas, a campaña de prevención e actuación ante o acoso sexual nos lugares de traballo (que converte a Galicia na primeira comunidade autónoma con esta medida), a guía de violencia sexual cara as nenas e mulleres con discapacidade, presentada en marzo de 2019, ou a campaña *‘agresión off: eu digo non a violencia sexual’* e a súa versión app, con información útil para prever agresións, coñecer pautas e saber a onde dirixirse na procura dun maior apoio.

Ademais, cómpre sinalar que o pleno do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero creou unha comisión para abordar a prevención e o tratamento da violencia sexual (en cumprimento ao





mandato do Parlamento de Galicia a través dunha moción aprobada o 11 de setembro de 2019); e o ano pasado presentouse a macroenquisa sobre a percepción da sociedade galega sobre a violencia de xénero, que por primeira vez inclúe a violencia sexual entre os seus parámetros de diagnose.

Nesta sondaxe móstrase que o 80 por cento das persoas consultadas están de acordo con que existe machismo na sociedade e na existencia de problemas psicolóxicos, falta de autocontrol e abuso de alcol ou drogas entre os agresores.

Ademais, os enquisados cren que a educación sexual deficiente entre a mocidade e o aumento no consumo de pornografía son a orixe destes actos reprobables, datos que nos serven para seguir traballando cara a una sociedade máis inclusiva e máis igualitaria onde ningunha muller sufra polo feito de ser muller.

Estes e outros instrumentos son mostra de que desde a Consellería de Emprego e Igualdade e desde todo o Goberno galego seguimos incidindo na aplicación de políticas públicas dirixidas á totalidade da poboación galega con mensaxes claras e directas de concienciación e sensibilización, poñendo especial énfase na prevención.

Desde a Xunta de Galicia seguiremos traballando sen descanso para que cada muller se sinta segura nunha sociedade xusta e igualitaria, na que saiban que non están soas, que hai recursos públicos e profesionais que están á súa disposición”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:56:35
Nº Rexistro: 23192
Data envío: 01/10/2021 11:56:35.614

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:56:32

CSV: REXISTROEF70DOAIj6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13911**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha avaliación dos resultados dos programas de internacionalización desenvolvidos polo Igape”**, (publicada no BOPG número 123, do 13 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 13912 que tivo lugar na sesión do 23 de abril de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTBiN2ZjODctYWM0NS00Mjk2LWI3YjEtZjIhNDRiZTQxZWQz&start=3713>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:57:05
Nº Rexistro: 23221
Data envío: 01/10/2021 12:57:05.301

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:57:01

CSV: REXISTROLDn9p09uh9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 14214**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da baixa execución que presenta cada ano a partida orzamentaria destinada á internacionalización das empresas galegas”**, (publicada no BOPG número 126, do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 13912 que tivo lugar na sesión do 23 de abril de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTBiN2ZjODctYWM0NS00Mjk2LWI3YjEtZjIhNDRiZTQxZWQz&start=3713.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTBiN2ZjODctYWM0NS00Mjk2LWI3YjEtZjIhNDRiZTQxZWQz&start=3713)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:56:56
Nº Rexistro: 23220
Data envío: 01/10/2021 12:56:56.629

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:56:52

CSV: REXISTROcdk77Moxk6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14310**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“os criterios seguidos polo Goberno galego para a designación do tribunal das oposicións da categoría A2, para o acceso aos postos de psicólogo e traballador social da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 19 de maio na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior o director xeral Función Pública dou reposta a esta mesma iniciativa ao contestar á iniciativa con Nº de rexistro 14311 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O director xeral, explicou que a composición dos tribunais do proceso selectivo relativo a psicólogos e traballadores sociais celebrado pola Xunta de Galicia o pasado mes de marzo axustouse aos criterios establecidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e en concreto, ao recollido no Decreto 95/19991, do 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de selección de persoal da administración galega, e nas instrucións relativas a o funcionamento e actuacións dos tribunais de selección.

Lembrou o Director Xeral a maior dificultade que tiveron estas probas, por un lado por tratarse dos primeiros procesos selectivos de funcionarios dos corpos, escalas e especialidades de psicólogos e traballadores sociais, e non dispoñer, no seo da administración autonómica, de funcionarios de carreira de ditos corpos e escalas.

E, por outra, porque, no momento da formación dos tribunais, os profesionais con vinculo de fixeza na Administración Xeral que traballan habitualmente nos centros de Política Social, onde se atopan concentrados a maioría dos postos de traballo que se ofertan, non podían formar parte do tribunal pola súa condición de persoal laboral, e a maioría deles se atopaban





participando como aspirantes nos procesos da funcionarización que se estaban a desenvolver, polo que non podían participar ao mesmo tempo coo membros dun tribunal de selección.

Pero a Administración autonómica acadou unha solución conforme á normativa vixente e recorreu a especialistas noutras administracións públicas e fóra do ámbito de Política Social.

Salientou o Director xeral que Galicia é das poucas comunidades que está celebrando procesos selectivos tralo parón que supuxo a pandemia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23602
Data envío: 13/10/2021 15:58:33.829

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:58:27

CSV: REXISTROJ2d0A69b13
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14404**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego dos resultados da Axencia Tributaria de Galicia en termos de recadación, xestión e control do ano 2020”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez elevado e aprobado polo Consello reitor da Axencia tributaria de Galicia o pasado 23 de xullo a ATRIGA publicou o seu informe xeral de actividades correspondente ao ano 2020.

Así mesmo a directora xeral da Axencia, compareceu o 24 de setembro para dar conta de dito informe unha vez que estando previsto para o día 10 de setembro isto no foi posible por razóns médicas.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia destacou que no ano 2020:

- un total de 43.125 familias se beneficiaron da suspensión para a presentación de impostos posta en marcha pola Xunta no ano 2020 por mor da covid-19.
- o Goberno galego decidiu suspender entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 os prazos para a presentación das autoliquidacións do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD); de Sucesións e Doazóns (ISD) e os tributos do xogo co fin de proporcionar á cidadanía facilidades para cumprir coas súas obrigas tributarias nun contexto marcado pola pandemia do coronavirus.





- 100.637 galegos recibiron unha herdanza o ano pasado e non pagaron nin un euro polo imposto de Sucesións e Doazóns grazas á rebaixa fiscal aprobada polo Goberno galego que deixa libre de tributación a máis do 99% dos contribuíntes cando reciben unha herdanza dun familiar directo.
- 19.644 galegos beneficiáronse do programa 'Impostos cero no rural', posto en marcha pola Xunta en 2016 co obxectivo de dinamizar o medio rural, promover a mobilidade de terras e fixar poboación nas zonas non urbanas. Ademais, outros 11.827 beneficiáronse das baixadas de tipos para as adquisicións de vivenda habitual con límite de patrimonio; a adquisición de vivendas por determinados colectivos (familias numerosas, persoas con discapacidade e mozos), e para a adquisición de vivendas situadas en parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas.
- grazas ás baixadas aprobadas pola Xunta no Imposto de Sucesións e Doazóns e no ITP-AXD, os fogares galegos aforraron no ano 2020, 136 millóns de euros. Estes 136 millóns son recursos que quedaron en mans das familias galegas co obxectivo de reactivar o consumo interno, evitar o despoboamento nas zonas pouco poboadas e manter íntegro o patrimonio dos fogares en caso de perda dun familiar directo.
- E que no ano 2020 o 96% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega foron correctas e non precisaron modificacións, polo que se confirma que a 'meirande parte dos galegos e das galegas cumpre coas súas obrigas tributarias'.

Finalmente, a Directora destacou que neste ano 2021 o seu organismo:

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8071**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Iago Tabarés Pérez Piñeiro, sobre **“as medidas de apoio económico específico que vai impulsar a Xunta de Galicia para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica e pola situación económica previa no concello de Ourense e na súa contorna”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais, algúns deles máis intensos en sectores como o da hostalaría. En consecuencia, desde a consellería de Emprego e Igualdade, en diálogo permanente cos representantes das autónomas e autónomos e do noso tecido empresarial, puxéronse en marcha dous plans de rescate, ao que se lle engade un terceiro de fondos estatais. Así, o Goberno autonómico mobilizou en tempo récord un total de 416 millóns de euros, a través de tres plans de rescate, que permitiron amortecer o impacto da covid-19. No referido a provincia de Ourense podemos dicir que a data de 31 de agosto de 2021 os dous plans de rescate autonómicos tramitaron 10.313 solicitudes e mobilizaron 20.691.800 euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:58:16
Nº Rexistro: 23203
Data envío: 01/10/2021 11:58:16.270

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:58:12

CSV: REXISTROdCbFELPBv8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: 8228, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as xestións realizadas pola Xunta de Galicia desde o ano 2010 para a modificación da planta e demarcación xudicial co fin de posibilitar a creación dun xulgado de primeira instancia e instrución na Mariña oriental con sede en Ribadeo”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A competencia para a proposta de modificación da demarcación xudicial vén determinada por un réxime de competencias establecido no artigo 35 da Lei 6/1985 do Poder Xudicial, sendo o lexislador estatal a través da modificación da Lei de demarcación e planta xudicial quen fai posible a supresión, creación ou modificación dun partido xudicial, neste último caso modificando os concellos que forman parte dun partido e pasan a integrar outro limítrofe.

Haberá que estar ao que resulte finalmente da iniciativa lexislativa estatal sobre a reorganización da Xustiza agora en tramitación, e ata entón non é desexable adiantar criterios que poderían verse afectados polo deseño e liñas xerais que finalmente determinen o proxecto do Goberno Central“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:51
Nº Rexistro: 23200
Data envío: 01/10/2021 11:57:51.817

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:57:48

CSV: REXISTROfTme1Mj9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8272**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“os datos referidos ao cribado para previr a covid-19 anunciado polo Goberno galego entre o persoal traballador e as persoas usuarias das residencias de maiores e centros de atención á discapacidade, así como sobre as previsións respecto da súa ampliación a todo o persoal dos servizos dependentes da Consellería de Política Social, persoal do ensino e sanitario”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros residenciais de Galicia contaron desde o primeiro momento con protocolos de actuación e prevención para facer fronte a posibles casos de covid-19. Houbo protocolos na nosa Comunidade antes de que existisen a nivel nacional. Estes protocolos fóronse actualizando, atendendo ás recomendacións sanitarias.

En novembro de 2020 anunciouse un Plan de Choque en residencias con distintas medidas de prevención e contención da expansión do virus en residencias de maiores e persoas con discapacidade.

Entre outras medidas que se implantaron destacan:

- Realización de PCR saliva semanal a todos os traballadores das residencias;
- Realización de test de antíxenos a todos os traballadores dos centros, entre cada PCR.
- Realización de 6000 PCR quincenalmente aos usuarios;



- Subministración de test de antíxenos ás residencias para detección precoz de casos e así o seu correcto illamento precoz e control de brotes.

Galicia foi a primeira Comunidade de España en realizar cribados en todos os centros de maiores cada 3-4 días, o que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio.

Tamén foi pioneira ao longo da pandemia na creación de residencias integradas, ou na creación dunha plataforma loxística centralizada para a subministración de material de protección ás residencias, entre outras medidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:50:55
Nº Rexistro: 23434
Data envío: 07/10/2021 10:50:55.774

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:50:51

CSV: REXISTRO6EXKWM25
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8404**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de persoas beneficiarias da Risga que deixaron de percibila por ser incompatible co ingreso mínimo vital e as previsións do Goberno galego respecto da modificación da Lei de inclusión social de Galicia para facer compatibles esas prestacións, así como a reclamación da xestión dese ingreso”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego xa está a traballar na modificación da lei de Inclusión Social para adaptala á realidade actual, en estreita colaboración coas entidades e os profesionais que traballan no sector.

O obxectivo principal da reforma é adaptar a Renda de inclusión social de Galicia (Risga) e as Axudas de Inclusión Social (AIS) ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do Ingreso Mínimo Vital (IMV), e así mesmo apostarase pola simplificación e a redución da burocracia, co fin de que a tramitación destas axudas sexa o máis rápida e áxil posible.

Ademais de complementar o IMV, redefinirase a propia RISGA para continuar e mellorar a cobertura daquelas persoas que, por distintos motivos, non accedan ao IMV.

Cómpre aclarar que parte das cuestións que a moción indica non son moi distintas das que xa existen na normativa actual, posto que xa existe un complemento de alugueiro na RISGA, e aínda que non hai dúas RISGAS distintas en función de se a persoa perceptora está traballando ou en desemprego, si se permite compatibilizar a RISGA co traballo, e existen tramos que teñen por obxecto fomentar a empregabilidade (tramo de inserción e tramo de transición ao emprego).



En Galicia non se extingue a RISGA polo feito de cumprir os requisitos para acceder ao IMV nin de telo solicitado, senón unicamente cando se ten constancia da concesión efectiva do IMV, e sempre que o importe desta última prestación sexa superior ao das PNCs e a aquel que, de conformidade coa normativa, permitiría percibir unha RISGA complementaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:50:47
Nº Rexistro: 23433
Data envío: 07/10/2021 10:50:47.914

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:50:43

CSV: REXISTRO6wBEHQzm5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 8447**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da elaboración dun plan de rescate e axilización da tramitación das axudas para garantir a supervivencia do sector da hostalería”**, (publicada no BOPG número 85, do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia estivo e segue a estar ao carón dos autónomos e empresas do noso territorio, como ten demostrado coa mobilización, en tempo récord, de 587 millóns de euros, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas, destinados a impulsar e manter a actividade económica fronte á pandemia.

En menos de seis meses, e a través dos dous primeiros plans de rescate, o Goberno galego, en consenso co diálogo social e os autónomos, deseñou, xestionou e pagou máis de 180 millóns de euros de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, cunha forte presenza do sector da hostalaría, que contou con programas exclusivos de axuda nos plans de rescate autonómicos. De feito, as axudas da Xunta destinadas ao sector da hostalaría acercáronse aos 87 millóns de euros, o que representa preto do 50% do orzamento dos devanditos plans, de modo que o 90% dos bares, restaurantes, hoteis e cafeterías de Galicia recibiron algunha axuda directa de fondos propios da Xunta.

Por outra banda, o terceiro Plan de rescate, con fondos estatais, presenta uns requisitos e condicións de acceso moito máis rixidas, que están a imposibilitar a gran parte do sector o





acceso ás axudas, polo que desde a Xunta impulsamos medidas de flexibilización que facilitan o seu acceso como a ampliación do prazo de solicitude ata o 30 de setembro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23614
Data envío: 13/10/2021 16:00:27.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 16:00:23

CSV: REXISTRO0krfEh0f9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 8453**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e don Martín Seco García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do incremento da partida orzamentaria destinada para o ano 2021 e a elaboración dun plan de rescate para garantir a liquidez e supervivencia do sector do pequeno e mediano comercio en Galicia”**, (publicada no BOPG número 85, do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde López, con motivo do debate da pregunta 8452 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de febreiro de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-02-10?part=f6813b5a-e356-4564-b5d2-bf1decca8e29&start=1324>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:27:56
Nº Rexistro: 23237
Data envío: 01/10/2021 13:27:56.004

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:27:52

CSV: REXISTROFWX5x3UYE9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 8630**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co aumento do xogo e a prevención da ludopatía en Galicia”**, (publicada no BOPG número 85 do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Anteproxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia atópase xa na última fase de tramitación. En canto se reciban os informes preceptivos aprobarase como proxecto de lei polo Consello da Xunta de Galicia e remitirase de inmediato ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

A protección dos colectivos mais vulnerable xustificou a necesidade de realizar unha planificación para limitar o número de establecementos de xogo na Comunidade Autónoma. Neste sentido, fixouse un número máximo de establecementos que permitise conseguir os obxectivos de protección da saúde e da seguridade das persoas consumidoras e usuarias dos xogos, de garantía da orde pública e de loita contra a fraude na actividade do xogo a través dunha oferta cuantitativamente moderada.

Esta protección mantense no texto do Anteproxecto que se está a tramitar. Ningunha normativa estatal vixente establece maior protección dos colectivos vulnerables que a reflectida no Anteproxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia.

No dito Anteproxecto de Lei reguladora dos xogos de Galicia contemplanse medidas de prevención e de sensibilización a realizar polos distintos departamentos da Xunta de Galicia. En concreto, establécese que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá políticas de xogo responsables, que irán dirixidas á sensibilización e concienciación sobre as consecuencias dunha práctica inadecuada do xogo, especialmente relacionadas cos riscos da ludopatía.



Estas políticas apoiarán actitudes de xogo non compulsivo e responsable, prestando especial atención a aqueles colectivos máis vulnerables como os menores de idade, as persoas con adición ao xogo e as persoas incapacitadas legal ou xudicialmente. Nesta liña, a administración autonómica desenvolverá actividades de prevención da ludopatía dirixidas á poboación en xeral e adoptará medidas tendentes a desincentivar os hábitos e condutas patolóxicas relacionadas.

Calquera desenvolvemento normativo en materia de xogo debe ser informado pola Comisión de Xogo de Galicia, polo que todas as actuacións do goberno galego nesta materia serán expostas no seno da dita comisión.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:50:39
Nº Rexistro: 23432
Data envío: 07/10/2021 10:50:39.992

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:50:36

CSV: REXISTROIPZ7xRV8m9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 8690**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego do anuncio feito polo presidente da Xunta de Galicia, en marzo de 2018, en relación a un investimento de 20 millóns de euros para o Proxecto Ecobarrio da Ponte en Ourense e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 85, do 29 de xaneiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, con motivo do debate da pregunta 7292 que tivo lugar na sesión do 9 de abril de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjhiMjgzYjYtMGNINy00MTUxLWFjNjgtN2FhYWYzNTk0MGI0&start=64>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:27:47
Nº Rexistro: 23236
Data envío: 01/10/2021 13:27:47.660

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:27:43

CSV: REXISTROTA3FV1965
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 8795**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas urxentes de apoio ao sector da hostalaría adoptadas para tratar de paliar os efectos da pandemia”**, (publicada no BOPG número 86 do 1 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia estivo e segue a estar ao carón dos autónomos e empresas do noso territorio, como ten demostrado coa mobilización, en tempo récord, de 587 millóns de euros, a través de tres plans de rescate e outras axudas directas, destinados a impulsar e manter a actividade económica fronte á pandemia.

En menos de seis meses, e a través dos dous primeiros plans de rescate, o Goberno galego, en consenso co diálogo social e os autónomos, deseñou, xestionou e pagou máis de 180 millóns de euros de fondos autonómicos a autónomos e pequenos empresarios, cunha forte presenza do sector da hostalaría, que contou con programas exclusivos de axuda nos plans de rescate autonómicos. De feito, as axudas da Xunta destinadas ao sector da hostalaría acercáronse aos 87 millóns de euros, o que representa preto do 50% do orzamento dos devanditos plans, de modo que o 90% dos bares, restaurantes, hoteis e cafeterías de Galicia recibiron algunha axuda directa de fondos propios da Xunta.

Por outra banda, o terceiro Plan de rescate, con fondos estatais, presenta uns requisitos e condicións de acceso moito máis rixidas, que están a imposibilitar a gran parte do sector o





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:26
Nº Rexistro: 23197
Data envío: 01/10/2021 11:57:26.598



Xacobeo 21-22

acceso ás axudas, polo que desde a Xunta impulsamos medidas de flexibilización que facilitan o seu acceso como a ampliación do prazo de solicitude ata o 30 de setembro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:26
Nº Rexistro: 23197
Data envío: 01/10/2021 11:57:26.598

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:57:19

CSV: REXISTROBCYODc6pC4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9196**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a posta a disposición pola Xunta de Galicia ao Concello de Ribadeo dun inmovible reformado e acondicionado para albergar temporalmente as dependencias do Xulgado de Paz”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar indicar que os Concellos ostentan responsabilidades no mantemento dos xulgados de paz.

Dada a configuración da xustiza municipal, a Lei 38/1988 de demarcación e de planta xudicial consolidou a tradicional colaboración dos concellos no mantemento dos medios persoais e materiais dos ditos órganos, sen prexuízo do soporte económico que de modo directo ou a través de subvencións lles prestan as Comunidades Autónomas: “As instalacións e medios instrumentais do Xulgado de Paz estarán a cargo do Concello respectivo, salvo cando fora conveniente a súa xestión (total ou parcial) polo Ministerio de Xustiza ou a Comunidade Autónoma respectiva” (artigo 51.3).

No concreto caso do Xulgado de Paz de Ribadeo, a súa sede situábase nun edificio antigo, propiedade do Concello. Dado o estado físico no que se atopaba, abordáronse distintas iniciativas ata que finalmente o Concello de Ribadeo, a través dun convenio cunha empresa privada, comunicou que se ía a actuar de forma integral sobre o edificio e que, mentres tanto, pedía que a Xunta de Galicia lle cedese un local provisional para o desenvolvemento do servizo.



En prol de contribuír á mellora das condicións da xustiza municipal e axudar ao Concello, de quen é responsabilidade a habilitación dos medios técnicos, instrumentais e das instalacións axeitadas do xulgado de paz, a Xunta ofreceulle un espazo (un baixo do IGVS que houbo que acondicionar para que servise a esta finalidade) dun xeito provisional mentres o Concello reforma o edificio do xulgado de paz.

Realizadas pola Xunta as obras necesarias de acondicionamento do baixo ofrecido provisionalmente e a instalación de voz e datos, comezouse cos preparativos para o traslado temporal a este novo local, do cal se informou ao TSXG que con data do 19 de febreiro autorizou que o xulgado de paz se traslade de forma provisional ás instalacións temporais ofrecidas pola Xunta ao Concello, mentres o Concello habilita as instalacións da sede do xulgado de paz.

En definitiva, cómpre poñer en valor o esforzo que fixo a Xunta de Galicia para colaborar co Concello de Ribadeo, cedéndolle un local provisional mentres a Administración Municipal (que é quen ostente responsabilidade sobre as instalacións do xulgado de paz) habilita a procedente sede para albergar con carácter definitivo as dependencias do xulgado de paz“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:15
Nº Rexistro: 23196
Data envío: 01/10/2021 11:57:15.410

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:57:09

CSV: REXISTROVMJaCtgCC5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9197**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a posta a disposición pola Xunta de Galicia ao Concello de Ribadeo dun inmovble reformado e acondicionado para albergar temporalmente as dependencias do Xulgado de Paz”**, (publicada no BOPG número 89 do 4 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primera e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar indicar que os Concellos ostentan responsabilidades no mantemento dos xulgados de paz.

Dada a configuración da xustiza municipal, a Lei 38/1988 de demarcación e de planta xudicial consolidou a tradicional colaboración dos concellos no mantemento dos medios persoais e materiais dos ditos órganos, sen prexuízo do soporte económico que de modo directo ou a través de subvencións lles prestan as Comunidades Autónomas: “As instalacións e medios instrumentais do Xulgado de Paz estarán a cargo do Concello respectivo, salvo cando fora conveniente a súa xestión (total ou parcial) polo Ministerio de Xustiza ou a Comunidade Autónoma respectiva” (artigo 51.3).

No concreto caso do Xulgado de Paz de Ribadeo, a súa sede situábase nun edificio antigo, propiedade do Concello. Dado o estado físico no que se atopaba, abordáronse distintas iniciativas ata que finalmente o Concello de Ribadeo, a través dun convenio cunha empresa privada, comunicou que se ía a actuar de forma integral sobre o edificio e que, mentres tanto, pedía que a Xunta de Galicia lle cedese un local provisional para o desenvolvemento do servizo.



En prol de contribuír á mellora das condicións da xustiza municipal e axudar ao Concello, de quen é responsabilidade a habilitación dos medios técnicos, instrumentais e das instalacións axeitadas do xulgado de paz, a Xunta ofreceulle un espazo (un baixo do IGVS que houbo que acondicionar para que servise a esta finalidade) dun xeito provisional mentres o Concello reforma o edificio do xulgado de paz.

Realizadas pola Xunta as obras necesarias de acondicionamento do baixo ofrecido provisionalmente e a instalación de voz e datos, comezouse cos preparativos para o traslado temporal a este novo local, do cal se informou ao TSXG que con data do 19 de febreiro autorizou que o xulgado de paz se traslade de forma provisional ás instalacións temporais ofrecidas pola Xunta ao Concello, mentres o Concello habilita as instalacións da sede do xulgado de paz.

En definitiva, cómpre poñer en valor o esforzo que fixo a Xunta de Galicia para colaborar co Concello de Ribadeo, cedéndolle un local provisional mentres a Administración Municipal (que é quen ostente responsabilidade sobre as instalacións do xulgado de paz) habilita a procedente sede para albergar con carácter definitivo as dependencias do xulgado de paz“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:57:04
Nº Rexistro: 23195
Data envío: 01/10/2021 11:57:04.770

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:57:01

CSV: REXISTROPKQFg1dee9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9624**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun proceso de diálogo cos concellos e coas deputacións para estudar e redefinir os posibles cambios no actual mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, así como o desenvolvemento dun marco normativo para eses espazos”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta do 24 de novembro de 2011, aprobou o mapa de xeodestinos turísticos de Galicia, ferramenta de promoción que supoñía un pulo ao turismo, que representou un salto cualitativo e necesario á hora de entender o turismo enriquecendo a singularidade e a diferenza de Galicia como multideestino.

Transcorrida unha década do funcionamento dos xeodestinos, que se amosa exitosa, tamén é tempo de avaliar e reestruturar o mapa de xeodestinos para facilitar as relacións entre o ente xestor e o territorio, e actualizala tras anos da creación destas figuras.

O proceso de diálogo cos entes, deputacións e concellos segue aberto, para estudar e redefinir os posibles cambios no devandito mapa actual de xeodestinos.

O mapa resultante dese proceso, unha vez escoitadas as suxestións dos concellos e do estudo das propostas logo das conversas, adquirirá carácter oficial coa a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23323
Data envío: 04/10/2021 15:12:48.659

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2021 15:12:44

CSV: REXISTROdKGVbVn6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9743**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do establecemento dun plan específico de axudas directas para as empresas e entidades deportivas de Galicia abocadas a restricións e peche, como consecuencia das medidas sanitarias adoptadas fronte á covid-19”**, (publicada no BOPG número 92 do 11 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“As axudas referidas no ámbito da iniciativa contéplanse no segundo Plan de rescate da Xunta de Galicia, dotado con 75 millóns de euros e que se suman aos 86 xa executados do primeiro Plan. Entre outras novidades, este segundo Plan contou cunha liña específica de axudas para outros sectores -diferentes ao da hostalería- que tamén deberon permanecer pechados por mor das restricións sanitarias adoptadas dende o comezo da emerxencia sanitaria, e entre os que se inclúen os ximnasiaos.

Por outra banda, hai que salientar tamén o investimento realizado de forma directa co tecido deportivo de Galicia, principal aglutinador dos axentes xestores da actividade deportiva, neste caso federada.

No 2020 nin federacións deportivas nin os clubs galegos viron diminuídas as súas achegas procedentes da Administración autonómica a pesar da paralización da actividade e, para este 2021, xa teñen a súa disposición todas as axudas recorrentes de calquera exercicio orzamentario, algunha delas, como é a convocatoria de actividade dos clubs, incrementada na súa dotación nun 100%, ao contemplar xunto á liña anual da actividade deportiva unha





segunda para medidas de seguridade e prevención no ámbito da COVID (3.920.000 euros). Esta dotación súmase aos convenios subscritos coas federacións deportivas (4,4 millóns) e á convocatoria de equipamentos (0,7 millóns)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23612
Data envío: 13/10/2021 16:00:10.767

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 16:00:05

CSV: REXISTRONukgHBbl98
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 10254**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración realizada pola directora xeral de Formación e Colocación respecto dos datos do paro rexistrado en Galicia no mes de xaneiro de 2021”**, (publicada no BOPG número 97, do 18 de febreiro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Pese aos efectos que a pandemia está a causar no mercado laboral, Galicia iniciou o ano cunha baixada do paro do 1,9% (-3.603 persoas) e cun aumento da contratación indefinida e a tempo completo con respecto a decembro de 2020. Así, na evolución mensual, o desemprego descendeu por primeira vez nun mes de xaneiro desde 1996 e nas catro provincias.

Ademais, o emprego de calidade medrou, cun aumento da contratación indefinida do 20,67% (+1.067 contratos), un ritmo moi superior ao reflectido na contratación temporal, do 3,71%. Tamén creceu con forza a contratación a tempo completo, nun 8,5%.

Con respecto a comparativa anual, Galicia continúa a niveis de paro inferiores a hai 12 anos, amosando o mercado laboral galego unha enorme capacidade de resistencia, que se está a demostrar en colectivos prioritarios como as mulleres, cunha taxa de paro do 13,17%, moi por debaixo do 18,33 do nivel estatal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23610
Data envío: 13/10/2021 15:59:48.813

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:59:42

CSV: REXISTROF21zWscn85
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 12912**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a tributación das persoas con dous ou máis pagadores no IRPF e o posible impacto das medidas económicas da covid-19 na declaración da renda dos colectivos e persoas vulnerables”**, (publicada no BOPG número 116 do 25 de marzo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O IRPF é un imposto estatal que xestiona a administración do Estado a través da Axencia Estatal Tributaria. O Goberno Central non tivo en conta o efecto tributario que podía ter para os contribuíntes a implantación dos Expedientes de Regulación de Emprego Temporal por forza maior derivados da pandemia. Non foi hasta o 7 de abril de 2021 cando o BOE publicou, o mesmo día que comezaba a campaña da renda 2020, a orde ministerial que permitía aos contribuíntes afectados por un Expediente de regulación de emprego temporal derivados da pandemia da covid-19 (ERTE) fraccionar en seis meses o pago da débeda tributaria derivada do Imposto da renda das persoas físicas. Galicia non ten capacidade normativa para a resolución da problemática tributaria, competencia da Administración do Estado, derivada dos ERTES”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23608
Data envío: 13/10/2021 15:59:26.438

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:59:22

CSV: REXISTROL8HNQnozY9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 13463**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación de diversos expedientes relacionados coa concesión da explotación mineira A Casalonga nº 6996, no concello de Teo, e as previsións do Goberno galego respecto do inicio dun novo expediente de caducidade da concesión”**, (publicada no BOPG número 119, do 5 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención da directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Paula Uría Traba, con motivo do debate da pregunta 13464 que tivo lugar na sesión do 4 de maio de 2021 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2021-05-04?part=e6eaa461-5efa-4d8b-9ccd-741088d78ac9&start=1354>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:27:38
Nº Rexistro: 23235
Data envío: 01/10/2021 13:27:38.067

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:27:34

CSV: REXISTROJPhabQJE9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 13476**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da existencia de exames oficiais en lingua galega con faltas de ortografía nas oposicións do mes de marzo de 2020”**, (publicada no BOPG número 119 do 5 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de marzo, celebráronse na nosa comunidade os primeiros exercicios dos procesos selectivos que quedaron pendentes de realizarse como consecuencia da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. En total realizáronse dezoito procesos selectivos correspondentes a distintos corpos e escalas da Administración xeral e especial da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a maioría deles dos grupos máis altos, A1 e A2.

Na elaboración dos exames de galego dalgún de estes procesos selectivos de marzo, cometéronse algúns erros ortográficos. Ditos erros non desvirtuaron o sentido das preguntas nin impediron ás persoas aspirantes coñecer con claridade o contido delas, de feito, as reclamacións recibidas na Dirección Xeral de Función Pública, refírense sempre a incorreccións gramaticais ou lingüísticas no exame de galego pero en ningún caso alegan que ditos erros xeraran dúbidas ou confusións que afectarán á elección das respostas polos participantes polo que poden cualificarse de meras irregularidades non invalidantes e que non provocaron indefensión.

Sen embargo, e a pesar de que a Dirección Xeral da Función Pública realiza recomendacións sobre a correcta utilización da lingua galega, púxose en coñecemento dos tribunais afectados





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23605
Data envío: 13/10/2021 15:58:58.454



Xacobeo 21-22

as reclamacións recibidas a fin de que na elaboración dos seguintes exames presten especial atención á correcta utilización da lingua galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23605
Data envío: 13/10/2021 15:58:58.454

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:58:54

CSV: REXISTROab3yLNkdV5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 14213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da baixa execución que presenta cada ano a partida orzamentaria destinada á internacionalización das empresas galegas, a súa opinión referida á suficiencia dos recursos do Igape para ese fin e a estratexia que se está desenvolver ao respecto”**, (publicada no BOPG número 126, do 21 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, Fernando Guldrís Iglesias, con motivo do debate da pregunta 13912 que tivo lugar na sesión do 23 de abril de 2021 da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YTBiN2ZjODctYWM0NS00Mjk2LWI3YjEtZjIhNDRiZTQxZWQz&start=3713>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:27:29
Nº Rexistro: 23234
Data envío: 01/10/2021 13:27:29.989

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:27:25

CSV: REXISTRO4Vbg2vS9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14368**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Carmen Aira Díaz, sobre **“os datos referidos ás queixas, denuncias ou reclamacións recibidas pola Xunta de Galicia en relación coa residencia DomusVi de Monforte, así como sobre a xestión levada a cabo e prevista ao respecto”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O grupo DomusVi, de igual maneira que os demais centros de servizos sociais da comunidade, está sometido á labor de inspección do Sistema Galego de Servizos Sociais.

O servizo de inspección ten por función verificar o cumprimento da normativa aplicable aos servizos sociais, de maneira que se garantan os dereitos das persoas usuarias e se procure a mellora continua da calidade nos servizos sociais que se presten á cidadanía no territorio galego, con independencia do carácter público ou privado dos centros. Asemade, investiga todas e cada unha das queixas e denuncias que se reciben e que afectan aos distintos centros de servizos sociais de Galicia. Deste xeito, o Goberno galego actúa sempre que se detecta ou se ten coñecemento de posibles deficiencias no funcionamento dun centro de servizos sociais.

O ano pasado, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesario ca nunca.

A través do Plan de Inspección realizáronse máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade; os técnicos de inspección iniciaron 65 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais; ademais, comezouse a desenvolver en todas as



residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus complementario ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario.

En relación á residencia DomusVi de Monforte informar que no ano 2019 presentáronse dúas denuncias a través de dous familiares de usuarios. No ano 2020 recibíronse 3 denuncias formuladas por tres familiares de usuarios. No ano 2021 presentáronse 3 reclamacións por tres familiares dos usuarios.

En relación ás inspección realizadas á residencia DomusVi de Monforte nos últimos cinco anos, informar que se levaron a cabo 13 inspeccións a esta residencia. Estas inspeccións realizáronse de oficio, no cumprimento do Plan Anual de Inspección, e tamén para esclarecer as queixas e denuncias formuladas. Iniciouse un expediente sancionador por presuntos incumprimentos en materia de servizos sociais que na actualidade está en trámite.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:49:08
Nº Rexistro: 23421
Data envío: 07/10/2021 10:49:08.758

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:49:04

CSV: REXISTROSIA2WmH64
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 14400**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego do impacto da pandemia da covid-19 en materia tributaria e dos resultados da Axencia Tributaria de Galicia en termos de recadación, xestión e control no ano 2020”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez elevado e aprobado polo Consello reitor da Axencia tributaria de Galicia o pasado 23 de xullo a ATRIGA publicou o seu informe xeral de actividades correspondente ao ano 2020.

Así mesmo a directora xeral da Axencia, compareceu o 24 de setembro para dar conta de dito informe unha vez que estando previsto para o día 10 de setembro isto no foi posible por razóns médicas.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia destacou que no ano 2020:

- un total de 43.125 familias se beneficiaron da suspensión para a presentación de impostos posta en marcha pola Xunta no ano 2020 por mor da covid-19.
- o Goberno galego decidiu suspender entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 os prazos para a presentación das autoliquidacións do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD); de Sucesións e Doazóns (ISD) e os tributos do xogo co fin de proporcionar á cidadanía facilidades para cumprir coas súas obrigas tributarias nun contexto marcado pola pandemia do coronavirus.





- 100.637 galegos recibiron unha herdanza o ano pasado e non pagaron nin un euro polo imposto de Sucesións e Doazóns grazas á rebaixa fiscal aprobada polo Goberno galego que deixa libre de tributación a máis do 99% dos contribuíntes cando reciben unha herdanza dun familiar directo.

- 19.644 galegos beneficiáronse do programa 'Impostos cero no rural', posto en marcha pola Xunta en 2016 co obxectivo de dinamizar o medio rural, promover a mobilidade de terras e fixar poboación nas zonas non urbanas. Ademais, outros 11.827 beneficiáronse das baixadas de tipos para as adquisicións de vivenda habitual con límite de patrimonio; a adquisición de vivendas por determinados colectivos (familias numerosas, persoas con discapacidade e mozos), e para a adquisición de vivendas situadas en parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas.

- grazas ás baixadas aprobadas pola Xunta no Imposto de Sucesións e Doazóns e no ITP-AXD, os fogares galegos aforraron no ano 2020, 136 millóns de euros. Estes 136 millóns son recursos que quedaron en mans das familias galegas co obxectivo de reactivar o consumo interno, evitar o despoboamento nas zonas pouco poboadas e manter íntegro o patrimonio dos fogares en caso de perda dun familiar directo.

-E que no ano 2020 o 96% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega foron correctas e non precisaron modificacións, polo que se confirma que a 'meirande parte dos galegos e das galegas cumpre coas súas obrigas tributarias'.

Finalmente, a Directora destacou que neste ano 2021 o seu organismo:

- continúa avanzando coa finalidade de contribuír a garantir a prestación dos servizos públicos aos cidadáns e destacou algunhas das actuacións postas en marcha. Neste marco explicou que desde o mes de maio deste ano, os servizos que se prestaban mediante o sistema de cita previa completáronse coa posibilidade de poder solicitar unha cita para obter de maneira telefónica información tributaria xeral ou para a asistencia na confección on line dos modelos. Entre maio e setembro, a ATRIGA atendeu máis de 3.000 citas.





-unificouse a atención telefónica nun número único de *Información ao contribuínte* co fin de mellorar e facilitar o acceso dos cidadáns á información tributaria ao través do que se atenderon máis de 35.000 chamadas.

-E a ATRIGA tamén universalizou a posibilidade de que calquera cidadán puidese aboar on line, -a través da Oficina Virtual Tributaria e cunha tarxeta de crédito ou débito- todos os ingresos xestionados por este organismo, para evitar os desprazamentos ás oficinas bancarias. Desde a súa implantación efectuáronse case 23.000 operacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23600
Data envío: 13/10/2021 15:58:14.235

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:58:09

CSV: REXISTROXg6PMIM58z5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 14507**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do traslado aos grupos parlamentarios do informe sobre as actuacións de control tributario do ano 2020, así como do informe referido ao peche do exercicio orzamentario e ao informe de actividade da Axencia Tributaria de Galicia correspondente ao exercicio de 2020”**, (publicada no BOPG número 130 do 28 de abril de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

“Unha vez elevado e aprobado polo Consello reitor da Axencia tributaria de Galicia o pasado 23 de xullo a ATRIGA publicou o seu informe xeral de actividades correspondente ao ano 2020.

Así mesmo a directora xeral da Axencia, compareceu o 24 de setembro para dar conta de dito informe unha vez que estando previsto para o día 10 de setembro isto no foi posible por razóns médicas.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia destacou que no ano 2020:

- un total de 43.125 familias se beneficiaron da suspensión para a presentación de impostos posta en marcha pola Xunta no ano 2020 por mor da covid-19.
- o Goberno galego decidiu suspender entre o 14 de marzo e o 1 de novembro de 2020 os prazos para a presentación das autoliquidacións do Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD); de Sucesións e Doazóns (ISD) e os tributos do xogo co fin de proporcionar á cidadanía facilidades para cumprir coas súas obrigas tributarias nun contexto marcado pola pandemia do coronavirus.





- 100.637 galegos recibiron unha herdanza o ano pasado e non pagaron nin un euro polo imposto de Sucesións e Doazóns grazas á rebaixa fiscal aprobada polo Goberno galego que deixa libre de tributación a máis do 99% dos contribuíntes cando reciben unha herdanza dun familiar directo.

- 19.644 galegos beneficiáronse do programa 'Impostos cero no rural', posto en marcha pola Xunta en 2016 co obxectivo de dinamizar o medio rural, promover a mobilidade de terras e fixar poboación nas zonas non urbanas. Ademais, outros 11.827 beneficiáronse das baixadas de tipos para as adquisicións de vivenda habitual con límite de patrimonio; a adquisición de vivendas por determinados colectivos (familias numerosas, persoas con discapacidade e mozos), e para a adquisición de vivendas situadas en parroquias que teñen a consideración de zonas pouco poboadas.

- grazas ás baixadas aprobadas pola Xunta no Imposto de Sucesións e Doazóns e no ITP-AXD, os fogares galegos aforraron no ano 2020, 136 millóns de euros. Estes 136 millóns son recursos que quedaron en mans das familias galegas co obxectivo de reactivar o consumo interno, evitar o despoboamento nas zonas pouco poboadas e manter íntegro o patrimonio dos fogares en caso de perda dun familiar directo.

-E que no ano 2020 o 96% das autoliquidacións revisadas pola Administración galega foron correctas e non precisaron modificacións, polo que se confirma que a 'meirande parte dos galegos e das galegas cumpre coas súas obrigas tributarias'.

Finalmente, a Directora destacou que neste ano 2021 o seu organismo:

- continúa avanzando coa finalidade de contribuír a garantir a prestación dos servizos públicos aos cidadáns e destacou algunhas das actuacións postas en marcha. Neste marco explicou que desde o mes de maio deste ano, os servizos que se prestaban mediante o sistema de cita previa completáronse coa posibilidade de poder solicitar unha cita para obter de maneira telefónica información tributaria xeral ou para a asistencia na confección on line dos modelos. Entre maio e setembro, a ATRIGA atendeu máis de 3.000 citas.





-unificouse a atención telefónica nun número único de *Información ao contribuínte* co fin de mellorar e facilitar o acceso dos cidadáns á información tributaria ao través do que se atenderon máis de 35.000 chamadas.

-E a ATRIGA tamén universalizou a posibilidade de que calquera cidadán puidese aboar on line, -a través da Oficina Virtual Tributaria e cunha tarxeta de crédito ou débito- todos os ingresos xestionados por este organismo, para evitar os desprazamentos ás oficinas bancarias. Desde a súa implantación efectuáronse case 23.000 operacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23597
Data envío: 13/10/2021 15:57:48.673

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:57:45

CSV: REXISTROILKegolhY9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15282**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“unha presunta usurpación de funcións de auxiliar de policía local no Concello da Bola”**, (publicada no BOPG número 134 do 5 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A figura do auxiliar de Policía Local ven regulada no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, onde se esixe que os respectivos Concellos que queiran establecer este persoal deben tramitar un expediente motivado do que deben dar conta á Consellería con competencias en materia de seguridade.

Para contratar a auxiliares de policía o Concello respectivo debe contar previamente cun corpo de Policía local e, ademais, as persoas seleccionadas deben cumprir os mesmos requisitos que para acceder á condición de policía local e superar un curso teórico práctico na Academia Galega de Seguridade Pública.

Consultado o rexistro de Policía Locais de Galicia resulta que o Concello de A Bola, non conta cun corpo de Policía Local, nin dou conta da tramitación de ningún expediente para a contratación dun auxiliar de policía local nin, lóxicamente, se lle autorizou a dita contratación e, en consecuencia, non se impartiu ningún curso de formación a ningún auxiliar de policía local para dito Concello.



As competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de Policía Local, que son corpos dependentes de cada Concello que os teña creado, son competencias en materia de coordinación, que teñen por finalidade a unificación de criterios de organización e actuación, a formación e perfeccionamento uniforme do persoal destes corpos e na homoxenización dos medios técnicos e materiais á súa disposición, así como o establecemento de información recíproca, asesoramento e colaboración.

Finalmente sinalar que corresponde ao propio Concello a investigación deste tipo de feitos e a posta en coñecementos destas actuacións ás autoridades con competencias en materia penal.“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 11:56:27
Nº Rexistro: 23191
Data envío: 01/10/2021 11:56:27.035

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 11:56:23

CSV: REXISTROFUrphQBz9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 5ª- **número 15703**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para para constituir un Consello de administración da Sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galicia, con presenza equilibrada de mulleres e homes”**, (publicada no BOPG número 138, do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde López, con motivo do debate da interpelación 15700 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de maio de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=792b621d-95e2-4b18-ba1e-73b49ffb8d83&start=13808>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:27:20
Nº Rexistro: 23233
Data envío: 01/10/2021 13:27:20.942

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:27:17

CSV: REXISTRO2dFcGBUd5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 15783**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno Galego respecto da necesidade de coordinación dun plan de seguridade galego para o Camiño de Santiago que se adapte e complemente o Plan estatal”**, (publicada no BOPG número 138 do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego considera efectivamente necesaria a coordinación das forzas e corpos de seguridade para garantir unha debida protección e seguridade para os milleiros de persoas que xa están realizando e van a realizar este itinerario nestes anos Santos Xacobeos 2021-2022.

O Goberno Galego non pode facer ningunha valoración dun Plan do que descoñece o seu contido posto que non foi convidado pola Secretaria de Estado de Seguridade á presentación do mesmo na súa visita a Capital de Galicia nin tampouco consultado para a súa elaboración

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2021 10:12:59
Nº Rexistro: 23274
Data envío: 04/10/2021 10:12:59.522

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2021 10:12:55

CSV: REXISTROYEQdgJNKa8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 6ª- **número 15826**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e dona Leticia Gallego Sanromán, sobre **“as previsións do Goberno Galego respecto do modelo de implantación de enerxía eólica en Galicia e da creación dunha oficina de información”**, (publicada no BOPG número 138, do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde López, con motivo do debate da interpelación 15829 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de maio de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=792b621d-95e2-4b18-ba1e-73b49ffbbd83&start=15768.](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=792b621d-95e2-4b18-ba1e-73b49ffbbd83&start=15768)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:27:12
Nº Rexistro: 23232
Data envío: 01/10/2021 13:27:12.285

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:27:07

CSV: REXISTRO3sy7Vvk3y9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 3ª- **número 15843**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **“as actuacións da Xunta de Galicia con respecto ás convocatorias de «manifestación de interese» aos fondos Next Generation”**, (publicada no BOPG número 138, do 12 de maio de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

“A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde López, con motivo do debate da pregunta 15842 que tivo lugar na sesión plenaria do 26 de maio de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2021-05-26?part=34d57cad-ae3f-4a18-8e13-0ba3cf433507&start=11>.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 13:28:39
Nº Rexistro: 23241
Data envío: 01/10/2021 13:28:39.301

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 13:28:35

CSV: REXISTROlQ4M9Za6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 16899** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Pérez López, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as subvencións que anualmente se convocan pola Xunta de Galicia para financiar, nos concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos, a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de verán”**, (publicada no BOPG número 152 do 9 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2021, dada a importancia dos municipios turísticos na actual situación de pandemia, e ante a favorable evolución da mesma, dende a ATG convocou unha nova orde de axudas para a contratación de persoal nas oficinas de turismo dos Concellos declarados municipios turísticos e xeodestinos de Galicia.

Así no Dog nº 117 do 22 de xuño de 2020, publicase a RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos declarados municipios turísticos e a xeodestinos de Galicia, para a contratación de persoal nas oficinas de turismo nos meses de xullo, agosto e setembro, e se convocan para o ano 2021.

Dende a ATG estase a traballar polo sector turístico, apoiando ao mesmo e á vez garantindo a súa seguridade e a calidade do servizo como mostras de identidade e marca do turismo galego e aos concellos declarados como municipios turísticos e xeodestinos como un dos seus mellores exemplos a apoiar“.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2021 12:11:03
Nº Rexistro: 23212
Data envío: 01/10/2021 12:11:03.348

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 01/10/2021 12:10:59

CSV: REXISTROecSBhnpX4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17357**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de maltratadores que teñen recoñecido en Galicia o dereito a visita aos nenos e nenas e que acoden aos puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 158 do 23 de xuño de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas. A norma que regula os puntos de encontro familiar en Galicia é o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Estes recursos constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O obxectivo dos puntos de encontro familiar son, entre outros, favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación, facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa e, ao mesmo tempo, garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia non determina o acceso dos usuarios aos PEF, senón que dito acceso realízase por derivación da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo da solicitude dos órganos xudiciais competentes ou, excepcionalmente, das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, nos supostos de menores sobre os que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

Polo tanto, non é a Xunta de Galicia a que determina o acceso ao PEF dunha persoa condenada por violencia de xénero, senón que é o órgano xudicial competente.



Respecto disto, dende os Puntos de Encontro Familiar abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. É dicir, as derivacións aos PEF procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio Punto de Encontro, distinto ao tratamento que recibe o resto de casos

De feito, en todos os PEF de Galicia cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto, e desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado coas entidades que xestionan estes centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, na actuación dos PEF mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

En canto aos datos aos que se refire a exposición de motivos, estes son públicos dado que constan na memoria anual deste departamento. O número de casos atendidos no ano 2020 procedentes de xulgados de violencia de xénero son 24 en A Coruña, 37 en Lugo, 24 en Ourense, 9 en Pontevedra, 43 en Vigo, 20 en Ferrol e 44 en Santiago.

Respecto da opinión sobre o feito de que un maltratador manteña dereitos sobre as crianzas, lembramos que a Xunta de Galicia -ao igual que o resto de comunidades autónomas- executa o que establece o xulgado correspondente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:49:00
Nº Rexistro: 23420
Data envío: 07/10/2021 10:49:00.992

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:48:56

CSV: REXISTROqNy2J7t9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17685**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre “ **as previsión da Consellería de Política Social respecto do inicio da escola infantil de Ribadavia**”, (publicada no BOPG número 166 do 7 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O orzamento da Xunta de Galicia para 2021 prevé un investimento a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a escola infantil de Ribadavia, co obxecto de cambiar o seu emprazamento actual e poder contar cunhas novas instalacións ampliadas no inmoible da antiga escola da Alameda, que deixou de ter uso como tal o pasado curso.

Tal e como se lle informou no seu día ao Concello de Ribadavia en varias reunións, para poder levarse a cabo este investimento era necesario que o Concello realizase os trámites imprescindibles coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a desafectación do inmoible, que é de titularidade municipal. Ademais, era mester que o Concello elaborase o proxecto técnico, coa finalidade de poder asinarse o correspondente convenio de cofinanciamento, tal e como se fai en todos os investimentos a través do Consorcio; e para o cal se reservara a consignación orzamentaria da parte correspondente á Xunta de Galicia.

Desde o cambio de goberno municipal de Ribadavia, o Consorcio non volveu ter ningunha noticia do Concello en relación a se este fixo algún dos trámites sinalados anteriormente, motivo polo cal o Consorcio non pode levar adiante o investimento previsto no orzamento de 2021.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:48:37
Nº Rexistro: 23417
Data envío: 07/10/2021 10:48:37.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:48:33

CSV: REXISTRO9F9SeJtW9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 19990**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia prespecto da aprobación do decreto que regule e acredite a condición de familia monoparental e as medidas prevista de apoio, prevención e loita contra a pobreza”**, (publicada no BOPG número 189 do 18 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias e introduce o mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais. Así mesmo, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais, previsto na nova redacción dada ao 13.3 da lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.

É dicir, a Xunta de Galicia aproveitará a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental.



O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social traballa na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación. O obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23529
Data envío: 09/10/2021 19:39:34.898

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:39:30

CSV: REXISTROK0WLjyph2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20013**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **as previsións da Consellería de Política Social para que as familias monoparentais e monomarentais avances en dereitos e recursos**”, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“ A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias e introduce o mandato de creación do Rexistro de Familias Monoparentais. Así mesmo, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais, previsto na nova redacción dada ao 13.3 da lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.

É dicir, a Xunta de Galicia aproveitará a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola



norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social traballa na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación. O obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:48:30
Nº Rexistro: 23416
Data envío: 07/10/2021 10:48:30.086

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:48:26

CSV: REXISTROwU3zvy9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20019**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Política Social respecto da coordinación dun itinerario específico para o colectivo de servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo moi demandado na atención á dependencia que proporciona os servizos profesionais axeitados para o coidado da persoa en situación de dependencia ao tempo que posibilita a súa permanencia no seu entorno familiar.

Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Deste xeito, a Xunta de Galicia reforzou este ano o servizo cun investimento en toda Galicia de 83,6 M€, case un 10% máis que en 2020.

Galicia é unha comunidade de referencia a nivel nacional polo grao de cobertura e calidade do noso Servizo de Axuda no Fogar, do que se benefician preto de 24.000 persoas maiores (unha terceira parte dos atendidos polo sistema de dependencia).

Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión é municipal .”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2021 10:48:18
Nº Rexistro: 23415
Data envío: 07/10/2021 10:48:18.914

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 07/10/2021 10:48:04

CSV: REXISTRO8PNKJE9Ty8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20060**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información obtida pola Xunta de Galicia das auditorías realizadas nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O ano pasado, o Plan de Inspección viuse fortemente condicionado pola pandemia da covid-19, especialmente nas residencias de maiores, onde a comprobación do cumprimento da normativa se fixo máis necesario ca nunca.

O Goberno galego cumpriu o Plan de Inspección e realizou máis de 360 inspeccións en residencias de maiores e discapacidade; os técnicos de inspección iniciaron 65 procedementos sancionadores en residencias de maiores, todos eles por deficiencias con respecto á normativa de servizos sociais; ademais, comezouse a desenvolver en todas as residencias de Galicia un programa intensivo de auditorías sobre o cumprimento dos protocolos e o establecemento de medidas para plantar cara ao virus.

Co fin de axudar ás residencias a facer fronte á pandemia, sobre todo nos puntos críticos que se viñan identificando como tal á hora de evitar ou controlar un brote, planeouse a realización destas auditorías para supervisar o grao de implantación destes elementos e a eventual realización de modificacións ou melloras nos procesos.

As auditorías comezáronse a realizar a principios de decembro, estimándose realizar preto de 300 visitas aos centros residenciais. Esta avaliación levouse a cabo durante 15 días, e foi complementaria ás inspeccións conxuntas, sociais e sanitarias que se fan de xeito ordinario.

Tendo en conta o volume de traballo no prazo de tempo definido, as auditorías fixéronse por técnicos superiores de prevención de riscos laborais mediante visitas polas instalacións dos centros e entrevistas con aquelas persoas que consideraron os técnicos.



Empregaron un cuestionario de 83 ítems co obxectivo de coñecer a súa situación e preparación fronte ao covid-19 e deste xeito, detectar os aspectos de mellora que puideran ter os centros residenciais e informando dos resultados da súa visita á Dirección Xeral de Atención Integral Socio sanitaria.

Fixéronse recomendacións in situ sobre aspectos a mellorar en relación aos ítems da auditoría.

Cando se detectou algunha residencia que necesitaba un apoio metodolóxico máis intenso desprazáronse técnicos da Consellería de Política Social para implantar procesos de mellora naqueles eidos que se consideraron máis críticos.

Resaltar a colaboración co proceso de auditoría e o cumprimento dos devanditos protocolos por parte das residencias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23528
Data envío: 09/10/2021 19:39:13.898

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:39:10

CSV: REXISTROq8E6TFnH7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20118**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a resposta e os protocolos ante casos de gromos de Covid-19 como o acontecemento no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os protocolos elaborados conxuntamente polas Consellerías de Sanidade e Política Social, establecen unha serie de medidas preventivas para minimizar a transmisión da covid-19 dentro dos centros residenciais.

En función da situación específica do centro afectado, estas medidas pódense modular adaptándoas tanto á situación epidemiolóxica do centro, ao estado de inmunidade dos usuarios e traballadores, así como ao risco inherente da persoa. Buscando un equilibrio entre a maior protección e seguridade dos mesmos e a menor interferencia posible no seu benestar e modo de vida.

Tendo en conta o número de centros residenciais e o número de usuarios existentes na nosa Comunidade, a aparición dun brote non debe cuestionar a idoneidade dos protocolos sobre o total, onde o resultado está sendo eficaz.

A información dos casos producidos así como a adopción do reforzo das medidas de control e cribado foron transmitidas puntualmente tanto ao persoal do centro, familiares e opinión pública.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23527
Data envío: 09/10/2021 19:39:05.601

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:39:02

CSV: REXISTROE6wuDb4v5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20123**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas de detección e prevención da covid-19 que mantén en vigor a Xunta de Galicia nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de detección e prevención da Covid-19 que mantén en vigor a Xunta de Galicia nas residencias de maiores, aparecen recollidas no protocolo conxunto das Consellerías de Sanidade e Política Social do 9 de agosto do 2021.

Galicia realiza cribados periódicos en todos os centros de maiores, o que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Tamén se levan a cabo probas diagnósticas ás persoas que ingresan nas residencias para descartar contaxios.

Ademais, a Xunta de Galicia realiza cribados semanais a todos os profesionais aos que se lles achega continuamente test de antíxenos para que poidan facer probas de forma inmediata ante calquera sospeita.

Por outro lado, nos centros onde se produciu algún brote a maioría dous casos foron asintomáticos, e os mais graves tiveron mais relación coa súa fragilidade por contar con patoloxías previas, que pola propia infección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23526
Data envío: 09/10/2021 19:38:57.367

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:38:50

CSV: REXISTRO4C41kNmUR5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20132**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da publicación dos datos de persoas falecidas en residencia de maiores durante a pandemia e as reflexións do Goberno galego respecto dos datos de falecementos nas residencias de maiores públicas”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social resolveu conceder o acceso á información pública nas que se solicitaba coñecer o número de persoas falecidas nas residencias de persoas maiores de Galicia por mor da pandemia do coronavirus.

De acordo coa normativa aplicable, esta resolución foi notificada ás persoas solicitantes e ás entidades interesadas. Dentro do prazo regulamentariamente establecido, varias destas entidades presentaron recurso fronte a devandita resolución ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sinala que “Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, concedéndose devandito acceso, transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizara ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información”.

Polo exposto, e segundo o disposto na devandita norma, o acceso á información solicitada producirase unha vez sexa resolto o recurso contencioso administrativo, en caso de confirmarse o dereito a recibir a información.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23525
Data envío: 09/10/2021 19:38:45.867

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:38:42

CSV: REXISTROxWRcqCqB7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 20456**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o mantemento do protocolo Fisiocovid no ámbito do deporte federado en Galicia”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“As adaptacións que se produzan no ámbito do deporte federado, así como no da práctica de actividade física e deportiva non federada, irán determinadas en atención ás normas e condicións que se establezan polas autoridades sanitarias.

Pola súa parte, a resolución do 30 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas e para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento PR945C), xa contemplaba entre os gastos recollidos na convocatoria os derivados da realización de tests de detección da COVID-19”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23594
Data envío: 13/10/2021 15:57:20.454

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:57:16

CSV: REXISTROuvhxln8f2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 20520**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a adopción de medidas económicas e sanitarias dirixidas aos clubs deportivos federados e para a celebración de competicións federadas autonómicas”**, (publicada no BOPG número 194 do 1 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O desenvolvemento da actividade deportiva competitiva na Comunidade Autónoma estase a producir no actual contexto de forma satisfactoria para o conxunto do sistema deportivo. As normas ditadas polas autoridades sanitarias, entre elas as relativas ao protocolo Fisicovid-DxTgalego, e a colaboración entre as administracións e os axentes deportivos teñen posibilitado un desenvolvemento adecuado dos adestramentos e da competición, permitindo unha reactivación maioritaria do deporte en Galicia. Nesta liña, as sucesivas medidas que se vaian adoptando no ámbito da práctica deportiva federada e non federada, virán establecidas en atención ás normas e condicións que se establezan polas autoridades sanitarias.

No relativo ás axudas específicas ás entidades deportivas no contexto da pandemia, sinalar:

2.000.000 de euros para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19, consonte á resolución do 30 de decembro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas e para a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento PR945C).





4.000.000 de euros para a concesión de axudas directas para a reactivación da actividade deportiva competitiva no contexto da COVID-19, consonte á convocatoria que será publicada nas próximas datas no diario oficial de Galicia, e que ten orixe nos fondos de Consenso 2021.

Axudas a equipamentos: 2.610.000 en total (dúas convocatorias), entre os que se atopa o equipamento de seguridade e prevención inventariable no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da COVID-19: resolución do 5 de xaneiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento PR949A) e resolución do 6 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2021 para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (código de procedemento PR949A)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23593
Data envío: 13/10/2021 15:57:12.220

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:57:08

CSV: REXISTROYwASF3R XR1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 20636**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a realización de actividade física nos centros deportivos no contexto de pandemia”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“Con carácter previo a dar resposta ás cuestións formuladas, este departamento debe recordar as convocatorias de axudas específicas destinadas ao sector e axentes deportivos convocados por esta secretaría xeral con motivo da Covid-19 (7.700.000 euros distribuídos en tres convocatorias), e que se xuntan aos Plans de rescate da consellería de Emprego e Igualdade, aos que tamén puido concorrer o sector dos servizos deportivos.

Pola súa parte, e dende as competencias e funcións da secretaría xeral para o Deporte recolleemos a aplicación das medidas de carácter sanitario acordadas polo departamento competente como as axeitadas en función dos datos epidemiolóxicos existentes, recordado tamén a existencia de medidas específicas destinadas a estes servizos, e principalmente recollidas no puntos 3.15 do Anexo I da Orde do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23592
Data envío: 13/10/2021 15:57:04.048

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:56:59

CSV: REXISTROOIHnXxJS9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20760**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo de Rábade”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está aberta permanentemente ao diálogo e ao entendemento co persoal do centro Santo Anxo de Rábade. Proba disto é que, ao contrario do que se expón de xeito erróneo nesta pregunta escrita, representantes da Xunta de Galicia teñen mantido contactos presenciais co persoal do centro en cinco ocasións -catro delas no propio centro- nos últimos meses.

Pese á situación de pandemia, a Consellería de Política Social mantivo e seguirá mantendo contacto co persoal do centro Santo Anxo de Rábade co obxectivo de seguir mellorando o funcionamento do centro.

Neste sentido, na reunión mantida a principios do pasado mes de maio entre o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social con representantes do colectivo de educadores do centro Santo Anxo, tratáronse cuestións relativas ao seu funcionamento cun talante moi positivo por parte de todas as persoas presentes.

Posteriormente, nos meses de xuño e de setembro realizáronse senllas visitas ao centro por parte de representantes da Consellería de Política Social, na que se mantiveron contactos co comité de empresa, coa dirección e con traballadores do centro.

Todas as persoas implicadas no funcionamento deste centro comparten o interese por garantir o seu bo funcionamento e, sobre todo, o cumprimento da súa finalidade, que é a protección integral dos mozos e mozas que residen nel.

Por suposto, esta finalidade debe desenvolverse coa garantía plena, ao mesmo tempo, de asegurar as mellores condicións dos traballadores no desempeño do seu posto de traballo.



Sobre isto, nas distintas xuntanzas trasladouse aos traballadores que nos últimos meses, e dentro da competencia da Entidade Pública, para a designación do centro de protección máis adecuado para cada neno, nena ou adolescente, estase realizando unha análise máis detallada dos perfís dos mozos e mozas propostos polos correspondentes equipos técnicos para asegurar que o centro Santo Anxo de Rábade sexa o centro idóneo para desenvolver un traballo integral cos menores que garanta a súa protección e a cobertura de todas as súas necesidades.

Froito destes encontros cos traballadores, tamén se están actualizando protocolos e regulamentos internos co fin de dotarlles aos educadores de ferramentas adecuadas para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das limitacións que establece a normativa para este tipo de centros. Tamén se están planificando programas de formación específicos que se impartirán no propio centro para facilitar a asistencia e implicación de todo o persoal.

Completan todas estas actuacións os contactos que se están realizando coas autoridades sanitarias para desenvolver proxectos de colaboración e coordinación que realicen unha intervención específica neste centro que axude ao persoal a abordar con seguridade e éxito cada un dos menores derivados a Santo Anxo. En todo caso, convén aclarar que é erróneo que o centro non estea a admitir novos ingresos, como se formula na pregunta.

En canto ás saídas do centro para o cumprimento de medidas xudiciais, desde o ano 2016 ingresaron no centro Santo Anxo de Rábade 195 mozos e mozas, e a inmensa maioría deles -o 85%- non precisaron ser derivados a un centro de reforma para o cumprimento de medidas xudiciais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23524
Data envío: 09/10/2021 19:38:37.976

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:38:34

CSV: REXISTROmZKJj6DgP2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20818**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os incumprimentos dos pregos de condicións do Centro de Día Interxeracional da Farixa en Ourense e a supervisión e inspección do mesmo pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Interxeneracional de Ourense é un recurso público, composto por unha escola infantil e un centro de día para maiores dependentes. Forma parte da rede de centros públicos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social. O centro de día está xestionado, desde febreiro de 2019, pola empresa Atendo Calidade S.L. mediante un contrato de servizo.

Para este tipo de contratos, persoal técnico da administración pública, neste caso do Consorcio Galego, fai seguimento periódico mensual do contrato e da resposta inmediata a calquera cuestión sobrevida nas tarefas de funcionamento do centro, garantindo a boa calidade nos coidados dos usuarios e o cumprimento das condicións expresadas nos pregos de licitación que rexen o contrato en canto a: ratio de persoal, guía de procedementos, mantemento...etc, garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios de persoal esixidos pola lexislación vixente.

Así, tal como se recolle nos pregos técnicos, a ratio de persoal adscrita aos centros de día da rede do Consorcio, faise tendo en conta os criterios referentes aos mínimos esixibles, que en ningún caso son inferiores ao seguinte:

- Persoal de atención directa. Persoal xerocultor. Ratio mínima de 0,16 profesionais por persoa usuaria.
- Titulados medios ou superiores. Ratio mínima de 0,075 profesionais por persoa usuaria.
- Responsable do centro. A empresa adxudicataria designará unha persoa responsable con formación no ámbito dos servizos sociais e xerontolóxicos.

No centro de día de Ourense, cunha ocupación máxima actual de 40 usuarios, estas ratios son superiores, tendo contratados a: seis xerocultores, unha traballadora social, unha terapeuta ocupacional e un responsable do centro, todos eles a xornada completa. Con xornada parcial o cadro de persoal complétase con: un sétimo xerocultor, un psicólogo, unha educadora social e unha profesional para labores xerais de limpeza.



Cabe salientar que as labores xerais de limpeza son realizadas con eficacia polo persoal contratado para tal fin, dando cumprimento ao plan de limpeza incorporado no seu proxecto.

As incidencias sobrevidas nestes tres anos de actividade, tendo feito fronte a pandemia da COVID-19, foron mínimas e todas satisfactoria e inmediatamente resoltas. Nunca relativas a cuestións de persoal.

E no relativo a xestión da pandemia da COVID-19, o Centro Interxeneracional de Ourense permaneceu pechado, en cumprimento das correspondentes ordes, a partir do 13 de marzo de 2020, reabrindo a parte abdicada a centro de día o 15 de xullo dese ano. Para tal fin, todos os centros de día públicos pertencentes a rede do Consorcio Galego da Consellería de Política Social, adaptaron o “Plan de acción para a prevención do contaxio da Covid-19”, ás características específicas de cada un deles.

Así o fixo o Centro de día de Ourense, actualizando dito plan en función dos procedementos, normativas ou protocolos posteriormente aprobados e publicados polas autoridades sanitarias e de política social.

Previamente a apertura do 15 de xullo, recibiron a conformidade do Plan por parte da Área Sanitaria de Ourense.

En canto á formación ofrecida ao seu persoal para a xestión desta nova situación, fíxose de diversas maneiras: estudo e comprensión por pare de todo o persoal do antedito Plan de acción, formación específica en COVID-19 a cargo da súa compañía de prevención de riscos laborais e participación no curso de xestión da COVID-19 en recursos de política social ofrecido a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas Dependentes da Consellería de Política Social.

No referente ás inspeccións, tendo en conta a excepcionalidade do ano 2020 provocada pola COVID-19, realizouse unha visita de inspección o día 16.09.2021 na que non se observaron incidencias significativas.

Nas visitas de inspección aos centros compróbase a correcta elaboración dos Plans de Acción Individual das persoas usuarias (PAIs), de forma que contemplen a valoración integral das persoas usuarias (nas áreas social, sanitaria, funcional e psicolóxica), os obxectivos a conseguir así como os programas e actividades para acadar estes obxectivos.

No centro de día de Ourense constatouse que, os PAIs están sendo planificados atendendo aos criterios establecidos pola normativa e protocolos aplicables en materia de servizos sociais.



A Xunta de Galicia no exercicio das súas competencias e dentro da aplicación da lei, realiza un labor de prevención, e de ser o caso de sanción, a través das distintas inspeccións aos centros, de todas as accións que non estean permitidas pola normativa aplicable, con especial sensibilidade, no caso dos servizos sociais para garantir dos dereitos das persoas usuarias.

Este seguimento realízase a través das distintas inspeccións ao centro, ben sexan con carácter ordinario ou como consecuencia dalgunha denuncia.

En definitiva, o Centro Interxeneracional de Ourense do que forma parte o Centro de Día da rede pública do Consorcio Galego da Consellería de Política Social, centro pioneiro en 2019, consolídase como unha iniciativa de gran valor social, cultural e educativo, ofrecendo un entorno en forma de claro beneficio para maiores, cativos, xoves e traballadores que interactúan diariamente nas actividades de funcionamento do centro e no desenvolvemento do proxecto de intervención interxeneracional presentado na súa proposta pola empresa xestora do recurso.

A Xunta de Galicia garante o cumprimento do proxecto a través dun seguimento periódico e puntual desenvolvido a través do persoal técnico da administración contratante, constatando a través dos correspondentes informes de dito cumprimento ao longo dos máis de tres anos dende a posta en funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23523
Data envío: 09/10/2021 19:37:52.883

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:37:48

CSV: REXISTROzvoibA96
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 20849**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o incremento de persoal nos equipos de valoración da dependencia”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Compre aclarar que o procedemento de valoración da situación de dependencia non se deixou de facer nunca de xeito presencial máis aló do período de confinamento domiciliario e suspensión dos prazos administrativos derivados da declaración do Estado de Alarma e Emerxencia Sanitaria por causa da COVID-19. A partir do 1 de xuño de 2020 as valoracións se retomaron con normalidade seguindo as directrices establecidas polo Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030.

Cabe salientar que segundo datos publicados polo IMSERSO correspondentes á situación do SAAD a 31 de agosto de 2021, Galicia acada os 63.563 beneficiarios, máximo histórico dende a aprobación da lei de dependencia, presentando unha ratio de atención do 93,92%, e a porcentaxe de servizos profesionais de atención se sitúa no 80,36%.

Por outro lado, no marco do “Plan de Choque da Dependencia” centrado na simplificación administrativa, a Consellería de Política Social vai poñer en marcha novos equipos de valoración que permitirán reducir os tempos de espera na valoración da dependencia.

Finalmente, dende abril de 2019 a Xunta de Galicia estableceu un complemento autonómico con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma para incrementar a contía dos bonos para coidados na contorna familiar, os bonos vinculados ao servizo de atención residencial e os bonos de asistente persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23535
Data envío: 09/10/2021 19:40:49.336

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:40:45

CSV: REXISTRO9hmFnmt78
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 21073**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **“a colaboración co Concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A Secretaría Xeral para o Deporte valora positivamente esta colaboración, o que posibilitou, e se trasladou, aos responsables municipais nunha visita ao concello para coñecer as posibilidades de acometer un módulo exterior de atletismo entre as administracións autonómica, provincial e local”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/10/2021 16:30:00
Nº Rexistro: 23591
Data envío: 13/10/2021 15:56:49.329

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/10/2021 15:56:35

CSV: REXISTROa8H0Ls0cg4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 21247**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Administración autonómica respecto da actualización e materialización do aumento na súa aportación ao servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo moi demandado na atención á dependencia que proporciona os servizos profesionais axeitados para o coidado da persoa en situación de dependencia ao tempo que posibilita a súa permanencia no seu entorno familiar.

Trátase dun servizo esencial que o Goberno galego reforza cada ano, aumentando os orzamentos que se destinan a tal fin para poder asignar cada vez máis horas, conforme ao incremento da súa demanda.

Deste xeito, a Xunta de Galicia reforzou este ano o servizo cun investimento en toda Galicia de 83,6 M€, case un 10% máis que en 2020.

Por outro lado, o Goberno autonómico financia o 70% do custe total do servizo mentres que o 30% restante é cofinanciado entre o Concello e o propio usuario. Este incremento na achega sería maior se o Estado cumprise coa Lei e achegase o 50% dos fondos, en vez do 24% que achega do total. O Goberno galego segue reclamando que o Goberno central cumpra coa Lei de Dependencia, que obriga ao Estado a asumir o 50% dos fondos destinados a esta materia.

O Goberno galego comprometeuse a reforzar os módulos económicos que perciben os concellos galegos, para axudarlles a garantir a sustentabilidade do SAF e a levalo cada vez a máis fogares.



Deste xeito, a Xunta está a negociar coa Fegamp o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. Esta subida estará ligada aos 45 millóns dos fondos adicionais de dependencia que se comprometeu a transferir o Goberno central.

Galicia é unha comunidade de referencia a nivel nacional polo grao de cobertura e calidade do noso Servizo de Axuda no Fogar, do que se benefician preto de 24.000 persoas maiores (unha terceira parte dos atendidos polo sistema de dependencia).

Segundo os datos publicados por IMSERSO correspondentes a agosto de 2021 o número de persoas en situación de dependencia recoñecida atendidas se situou en 63.563 as cales perciben un total de 75.202 prestacións do sistema.

É dicir, desde 2009 Galicia multiplicou por catro o número de dependentes atendidos: de 15.000 a máis de 63.000.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 23534
Data envío: 09/10/2021 19:40:39.804

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 09/10/2021 19:40:35

CSV: REXISTRO7YX6NC0H4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727